

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 105 * DO 9 AO 15 DE MAIO DE 1980 * 40 PTS.

Eleccións de Misses

EXPLOTACION E COMERCIO COA MULLER



Fotos: ALBAN

Corcubión

O XENERAL SAN MARTIN
COMO EXCUSA


DIANTE DA MORTE
DE TITO

O 1.º DE MAIO
NAS NACIONS DO ESTADO

PADRE GOMEZ
"Un bispo da rua"

RIANXO: QUEN GOBERNA
E O ALCALDE

A "VUELTA" EN GALICIA



n le-
lo e
cón
riño

po
Hai
cida
de-
3 xa
ltu-
le.

TOS



O "LIBRO EN BLANCO DEL COLE"

Resulta que no periódico basco "Egín", empezaron a publicar, coa mellor vontade do mundo, o sonado "Libro Rojo del Cole" nas páxinas centrais. E o 26 de mañá cedo (di "El Correo Gallego"), presentouse a Policía e levou todos os exemplares, planchas e modelos; asemade, e non sabemos por médio de qué sistema de control, interceptaron o camión que levaba dende Donosti a edición de Bizkaia. E aos sofridos compañeiros non lles quedou máis aquela que volveren empezar todo o proceso e quitar outro periódico... coas centrais en branco, claro.

E nós, que debemos ter algo de inxénuos, inda non damos dixerido en virtude de qué "esencial principio democrático" se pode facer unha cousa destas.

PARLAMENTARIO, "A TUS ESCAÑOS"

Hoxe o Poleiro vai todo para fora. Resulta que houbo un deputado do PSOE por Ciudad Real que marchara aí atrás loitar cos sandinistas. Xa de volta, falou hai pouco das suas experiencias na Complutense de Madrid e Alianza Popular de Ciudad Real protesta porque "se puede dar la imagen de una España tan sumida en la crisis como para que los señores diputados transformen sus labores legislativas en labores guerrilleras".

¿E en cal crise, señores? ¿Na "de espíritu"?

Logo "AP espera una nota urgente y aclaratoria del PSOE y del Gobierno", en donde se rechace enérgicamente tal actitud y se den curso a las acciones que correspondan dentro del Parlamento para impedir las...

Ou seña, que queren impedir democráticamente o "internacionalismo" (inda sendo entre comillas) por decreto. Ben por AP.

O QUE NON CONSIGA ETA...


O que se chega a desistir.

"El País", domingo 28. "El comité ejecutivo de la Federación de Pequeñas y Medianas Empresas de Navarra (FAPYMEN), al término de una reunión mantenida en Pamplona, ha acordado solidarizarse con el industrial guipuzcoano Juan Alcorta Maiz, "por su pública negativa a pagar el impuesto revolucionario..."

Logo dirán que Nafarroa non é Euskadi. Se lles sobran vencillos...

HAI QUEN TRAGA CALQUERA COUSA

E máis polo mesmo precio.



Kissinger, que por certo astra apoiou o recén desastre yankee

no Irán, está declarando moito últimamente. E tocante á "operación" "éxodo masivo cubano", tamén declarou: "No conozco éxodos masivos de las democracias hacia los países comunistas".

Temos entendido que nos países socialistas, o que é, que non aceptan a calquera.



FILOSOFIAS POLITICAS


Cyrus Vance dimitiulle a Carter. E no momento da dimisión concedeu unhas declaracións. ¿Saben precisamente as que escolleu "El País" para titular: "Creo que los soviéticos acabarán retirándose de Afganistán".

Que é, precisamente, o que diferencia esta "intervención" da dos yankees de onde meten o zoco: que eles non pensan retirarse.

dibujos FIZ VALCARCEL

O venres, 16 de Maio

ESPECIAL LETRAS GALEGAS



SUBSCREBASE A A NOSA TERRA

Desexo subscribirme a «A NOSA TERRA»

Por un ano 2.000 pesetas.

Por seis meses 1.000 pesetas.

A dxunto Talón Bancario a nome de «A NOSA TERRA»

Xiro Postal n.º _____

NOME _____

ENDEREZO _____

LOCALIDADE _____

TELEFONO _____

PROFESION _____

En _____ a _____ de _____ de 198__

Firma _____

Precio pra Europa 2.400 pesetas anuais

Argentina 2.800 pesetas anuais

USA, Canadá 3.100 pesetas anuais

América do Sur e África 3.600 pesetas anuais

As tarifas por seis meses serán a metade das anuais máis cincuenta pesetas.

A NOSA TERRA - Apartado 1031 - Teléf. 58 26 13

SANTIAGO DE COMPOSTELA

A corporación municipal de Corcubión adoptou, por unha unanimidade, o acordo, o día 15 do derradeiro mes de febreiro, de trasladar a estatua do xeneral San Martín a outro lugar do pobo.

A partir dese momento, íase argallar unha campaña, desde certos sectores da dereira española, en contra do acordo corporativo.

Como remate, unha concentración, ao fronte da cal estaba M. Victoria Fernández España.

O XENERAL SAN MARTIN COMO EXCUSA

Quizais como nos dixo Rafael Mouzo, actual alcalde e eixo de toda a campaña de desprestixio: "endexamais o xeneral San Martín se deu a coñecer tanto como astra o de agora". Despois daquel acordo corporativo, unha boa chea de chamadas anónimas, cartas e moitas presións ían tentar modificar a postura da Corporación que ao cabo dun tempo sería avalada polo pobo de Corcubión.

"A prensa diária e sobre todo 'El Ideal Gallego' e 'La Voz de Galicia' terxiversaron todo o asunto e negáronse, noutras ocasións, a publicar as réplicas que, emparándome no dereito que todo cidadán ten, enviei aos xornais". Por detrás, o antigo alcalde e algúns mais da zona abandeiraban o acto de desagrávoo ao devandito xeneral San Martín. A persoa de "prestixo", a Diputado por A. P. M. Victoria Fernández España.

O POBO NON ASISTEU A CONCENTRACION

"Nas eleccións municipais, a miña candidatura -dinos Rafael Mouzo- fixera un acto en lembranza dun home moi ilustre e que ten axudado moito a Corcubión, don Benigno Lago Estevez. O pobo sentiase moi defendido de cando no ano 74 o antigo alcalde Pais Romero, colocou a estatua do xeneral que para Corcubión non fora nada. ¿Que para a historia fora o libertador de América? non poño en dúbida, e respéto. Ben por aquel entón, o pobo calou porque pesaba arepresión. Porén desde ese ano popularmente reivindicase un lugar para don Benigno Lago Estevez".

De certo, ese sentir ía tomar corpo cando o día 15 do derradeiro mes de febreiro a Corporación adoptou por unanimidade, o acordo de trasladar de sitio o monumento do San Martín. A partir desa decisión organismos oficiais, Xunta de Galicia, Gobernador Civil tentarían de botar abaixo o acordo. "Cando falei co Gobernador quixo disuadirme aconsellando que o millor que podía facer era deixar as cousas como estaban e o monumento no seu sitio, e que ía mandar to-

das as forzas do orde público para evitar enfrontamentos".

Diante da teima suscitada polo acordo e a vista da concentración que certos grupos da dereita tiñan artellado para o sábado, día 3, a Corporación convocou un pleno aberto par que o pobo tomara unha decisión de cara a concentración. E así, despois dun longo debate, onde prevaleceu o apoio ao alcalde e a Corporación, o pobo adoptou como medida non facer acto de presenza no acto. Ao mesmo tempo, algúns periódicos o que decían era o que a Corporación tentaba de facer era destruír o monumento. "Non é un acto de desagrávoo ao xeneral San Martín, continua a decir Rafael Mouzo, nós non temos nada en contra del. E un acto de agrávio ao pobo de Corcubión. O que acontece é que a prensa está manipulada, presionada, porque cando eu mandei unha réplica a 'el Ideal Gallego' a unhas artigos de Abuiñ Tembra o director dixome que non os publicaba porque ía en termos moi duros".



O pobo pechado, o acto de desagrávoo escomenzaba.



"E un acto de agrávio a Corcubión" (Rafael Mouzo). (Fotos ALBAN).

NO ACTO DE DESAGRAVIO

O sábado día 3, as 7 do serán, levouse a cabo a concentración diante da estatua do xeneral. Os comercios, bares, casa de Corcubión pechadas. En primeiro lugar, M. Victoria Fernández España dirixiuse aos presentes, non máis de cincuenta, esixíndolle a Corporación que a estatua ficara no sitio onde actualmente está. "Irmáns de Corcubión, estamos hoxe aquí nun momento de fonda emoción, representando aos centos e milleiros de galegos emigrantes na Arxentina que nestes momentos están aquí con nós e pensando en nós. Estamos aquí non para facer política, estamos como galegos e en defensa dos galegos, tamén en defensa da maior comunidade galega no estranxeiro en representación do Centro Galego de

Buenos Aires, da Arxentina, que foi unha segunda pátria para moitos dos nosos fillos e que nos reverenciamos e emamos a gran figura xenreira do xeneral San Martín, que é pra eles a representación da pátria...".

Unha vez rematado o seu discurso, a Diputado por A.P. escomenzou a ler uns telegramas de adhesión ao acto: "Ríciiban mi enhorabuena por bonrosos actos desagrávoo. Como corcubiónés e galegos quero unirme merecido acto desagrávoo sendo profundamente nefasta decisión tomada Corporación municipal. Que este acto sirva como canto a la libertad, paz y amor entre entre los pueblos del universo entero". Ou Outro que decía, "trabajamos intensamente por aumentar las relaciones amistosas y comerciales con Argentina, dado el trato pre-

(Pasa a páxina seguinte)

Edita: Promocións Culturais Galegas S.A.

Comisión de Fundadores: Acosta Beiras, Xoaquín; Fontenla Rodríguez, Xosé Luis; López Gómez, Felipe Senén; Morales Quintana, Xosé Enrique; Varela García, Cesar.

Directora: Margarita Ledo Andión

Redactores e Colaboradores: Xosé L. Corral, Alfonso Eyré,

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

X. M. González, X. Ramón Pousa, Lois Celeiro, Pablo Viz, Paco Arrizado (Lugo), Fernando Franco (Vigo), Suso Piñeiro (Ferrol), X. A. Suárez (O Condado), Vázquez Pintor (Morrazo), Ignacio Brisset, F. Cusí, M. Merçe Marçal (Países Catalans), P. Ipa-

rraguirre, Maialde (Euskadi), Xosé Luis G. Labandeira (España), Carlos Durán (Londres), A. P. Dasilva (Porto), J. J. Navarro, Llatzer Moix, Piñeiro, Patiño.

Diseño e Confección: Xurxo Fernández

Fotografía: Brais, Carballa, Fernando Beilas, Xurxo Fernández. Albán.

Dibuxos: X. Marín, X. Maside, A. Sucasas, Fiz Valcárcel, P. A. Estevez, A. Lamela, Alexandro, Loquis, C. Corredoira, X., Xoxardo.

Publicidade: Antonino Torrón Fernández. Telf. 582613.

Redacción e Administración: Troia, 10-1.º - Santiago
Redacción: Teléfono 582681.
Administración: Telf. 582613.

Imprenta: "La Región, S.A." Offset. C. Quiroga 11-15. Ourense. Dep. Legal: C-963-1977.

Distribución: A Coruña Librería Colón, Telf. 222206. Santiago, Prensa Nacional, Telf. 583456. Pontevedra, Librería Cao, Telf. 855374. Vigo, Distribuidora Viguesa, Telf. 414570. Ferrol, Distribuidora Velo, Telf. 357707. Lugo, Souto, Telf. 213425. Ourense, Vda. de Lisardo, Telf. 230218. Bilbao, Distribuidora Vasca, Telf. 4231933. Barcelona, F. Rafeles Artal, Telf. 2433658.

(Ven da páxina anterior)

ferencial de aquela nación americana. Desgraciadamente acto inculcable cometido por el alcalde Corcubión, ofendendo la memoria del general San Martín, destruye la labor constructiva de muchos años de trabajo y cientos miles de paisanos que emigraron un día en busca de lo que nuestra tierra les negó y fueron amorosamente acogidos por esa segunda patria llamada Argentina. Rogemos reconsideren acuerdos municipales y ofrezcan públicas disculpas autoridades argentinas. Afectuosamente les saluda el delegado regional Camara Argentina de Comercio.

Despois, Benjamin Trillo faría da tradicional amizade entre os pobos de España e de América e de que "Nó venimos aquí a intervir entre las disputas que puedan tener los habitantes de Corcubión. Venim en nombre de los pueblos del partido judicial u. en eso afirmamos que el sitio mejor para representar al general San Martín es Corcubión".

Da sua banda, Rafael Mouzo reafirmariase no acordo tomado pola corporación, "se se adoptou o acordo, váise cumprir por enriba de todo. Eu non poño dúbida a persoa histórica de San Martín. Nembregantes, a eles o que máis incidencia lles fai é o de xeneral para eles un xeneral é algo sagrado. sexa quen sexa..."

XOSEFINA L. CORRAL

A MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA COMO FACTOR DE CAMBIO

No Estado español, seguindo os exemplos doutros países, créase a especialidade de Medicina Familiar o Comunitaria. Aínda que este recoñecemento do aspecto propio da Medicina primaria é moi importante, nós coidamos que por si só non supón un cambio real na Medicina Primaria. Compre que se encadre nun plantexamento sanitario que afecte a toda a Sanidade do Estado e que supoña a creación dunha rede de Centros de Saúde como é preciso.

Os médicos da Medicina de Familia e Comunidade non queremos controlar a actividade no campo da Medicina primaria, senón que debemos ser unha peza máis que se artele co demais personal nesta nova concepción da Medicina integrada.

A misión da Medicina Familiar e da Comunidade é prestar asistencia integral, collendo dentro deste concepto os aspectos tanto de promoción da saúde coa Educación Sanitaria e Prevención das enfermidades, coma os curativos e rehabilitadores. Debe desenrolar tamén tarefas docentes e investigadoras, así como integrarse co resto do personal médico e non médico do Equipo de Saúde. Polo que estamos en contra do pago por auto médico e o sistema de aviñanza, xa que nunha laboura de tipo colectivo non se pode primar a un membro, e o colectivo que se atende non somentes se compón de enfermos senón de poboación sá.


Coidamos que para que estas cousas poidan levarse a cabo, o Estado tén responsabilizara totalidade da Asistencia Sanitaria.

Entendemos a saúde como un asunto individual e colectivo, xa que non é somentes a falla de enfermidade, senón unha maneira de vivir autónoma, solidaria e feliz que debe conquistar toda a comunidade.

Doutra banda, compre adoptar medidas urxentes que aproveitando os recursos actuais e apoiados pola Lei milloren a atención Primaria sen agardar ad desenrolo dos centros de Saúde.

O meirande problema para levar a cabo estas milloras é a falla dunha decisión política que as faga realidade.

Non se pode pensar nos Centros de Saúde illados da realidade práctica da Medicina Primaria, senón que as decisións débense tomar para millorar completamente a atención primaria.







Se non se fai así, podemos quedar nun desenrolo de Centros da Saúde Experimentais que pouco van influir na situación actual da Medicina Primaria.

Non se quere dividir aos profesionais entre médicos de cabeceira e especialistas de Medicina de Familia e Comunitaria, senón diferenciar aqueles dispostos a traballar en equipo con de-

dicación de cheo e vontade clara de desenrolo da Saúde integral daqueles outros adicados exclusivamente a laboura asistencial cos seus lexítimos dereitos. Por elo coidamos que é comenente que se adopten as medidas precisas para chegar a un nivel de calidade mínimo.

RESIDENTES DA MEDICINA DE FAMILIA

AS CERAMICAS DO CASTRO  E AS DE SARGA  ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA  E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS 

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEJANDO NA NOSA TERRA OS NÓSOS RECURSOS

1º DE MAIO DE 1980 O SINDICALISMO NACIONAL, PROTAGONISTA

O primeiro de Maio deste ano 80 viña enmarcado nun contesto complexo, movido e revolto. O acordo-marco e os conseguíntes incidentes cando as negociacións dos convénios colectivos, valían de razóns para que a UGT, a pesares dos repetidos intentos daquelas, se negaran a manifestarse conxuntamente coas CC.OO. e anunciaran ir celebrar o primeiro de Maio "en la intimidad". Da outra banda do espectro sindical, a unidade de acción e coincidencia de alternativas nestes últimos tempos, abocaba nunha convocatória conxunta da ING e CTG en sete localidades do país. A lexislación laboral aprobada e pendente de aprobación ("Estatuto del Trabajador", "Ley de Empleo", "Ley de Huelga"), pesaban en todas as balanzas. Ao final, o aspecto consistente da Festa Internacional do Traballo verificárase arredor de dúas facianas: as consignas máis simbólicas e atemporais de CC.OO., que contou coa adhesión da USO nalgún sitio, e a consigna "Pola unidade dos traballadores galegos na loita contra os monopolios".

O FERROL: CC.OO. BAIXOU

O primeiro de Maio ferrolán viña marcado pola crise da construción naval, como calisqueer mobilización e cáseque calisqueer noticia relacionada co mundo do traballo en todo este ano. Aparte da crise, as mobilizacións do sector da construción nos pasados 23, 24 e 25, e a cuestión pendente do Convénio Nacional de Sector tamén incidían na xornada, alén dos temas xerais da política laboral. E en base a isto se desenrolaron as manifestacións anque o desenrolo non fora parello nen moito menos. Na de CC.OO. e máis USO, con sobre dúas mil persoas, fíxose alusión aos convénios da Bazán e ASTANO, á Lei de Folga e Lei de Empleo. CC.OO., na súa intervención, empezou atacando ao acordo-marco, pero, ante a presenza da outra central, non tardou en arriar velas. A manifestación da ING e CTG, arredor do lema xeral "Pola unidade dos traballadores galegos na loita contra o capital monopolista", lembrou a situación global de crise na comarca, e as súas razóns de fondo, facendo tamén alusión á política laboral e ao Convénio Nacional da Construción. Participaron cáseque cincocentas persoas.

A CORUÑA E SANTIAGO

Na capital coruñesa, aparte do Convénio Nacional da Construción, estaba recén o conflito do Convénio de Reparación de Automóviles. Este segundo tema figuraba nunha pancarta de CC.OO., que xuntou pouco menos de mil persoas, e os dous foron tema sobranceiro das consignas da manifestación da ING-CTG, que levarían arredor das oitocentas. En Santiago, onde aparecían tamén no primeiro plano estes mesmos conflitos da capital, CC.OO. mobilizaría ao pé das trescentas persoas, ao tempo que CTG-ING andarían arredor do meio milleiro.

NO INTERIOR, HEXEMONIA NACIONALISTA

En Lugo xa é tradicional a superior capacidade mobilizadora da ING. E aquí manifestouse esta central soa, ao non se presentar, como xa tiña anunciado, a CTG á mobilización. Co Convénio da Construción como telón fundamental de fondo, cáseque cincocentas persoas participaron coa ING, CC.OO. e USO, que tentaban capitalizar a problemática da factoría de FRIGSA, quedarían perto dun cento de participantes.

En Ourense, na mobilización da ING-CTG, medio milleiro de persoas lembraban a reivindicación do Convénio Nacional da Construción e máis a problemática de "Unión Cradytor". No entanto, CC.OO. mobilizaban cáseque 150 traballadores arredor do lema cental "Primeiro de Maio, a



Foto ALBAN

forza do traballo".

VIGO: AS MAIORES MOVILIZACIONES

Na comarca viguesa, raro é o mes en que unha fábrica non anuncia peche ou regulación de plantilla. E os conflitos de "Vidrios de la Florida" ou CENSA como antes foran os de ASCON ou CORFI, anuncian unha dinámica de combatividade grande. Con estes precedentes, xa se agardaban nesta cidade as mobilizacións maiores do país. A da ING-CTG, que subía aínda ben dos tres milleiros de participantes, centrou a mobilización na explicación política da crise das empresas e na loita contra a nova lexislación laboral. A de CC.OO., que tamén pasaría das tres mil persoas, rexistraría un desenrolo semellante ás do resto do país. Na volización da ING-CTG, rexístrouse un incidente con membros da "Asociación pra ceibar ós presos políticos", que acabou con algunha cabeza aberta.

PONTEVEDRA: A APARICION DA CSG

A "Confederación Sindical Galega" tiña convocada unha única mobilización a nivel nacional en Pontevedra. Sobre 250 persoas asistiron a ela, onde se falou da desunión sindical, "que nos obrigou a nos manifestar en solitario" e da situación laboral global. Nunha manifestación posterior, CC.OO. non xuntaría un cento de manifestantes.

O PRIMEIRO DE MAIO DA UGT

A UGT chamara a conmemoración "na intimidade". Así, nalgúns cidades, coma Lugo, xuntáronse nos cemitérios, "en lembranza dos nosos mortos"; noutros concentráronse en diversos lugares, e en Vigo-Pontevedra,

dirixíronse en caravana deica Cangas de Morrazo, onde se precedeu ao troque do nome da tradicional Rúa do Hio polo de "Calle de Pablo Iglesias", que polo que parece, xa ostentara oficialmente na época da República. Este acto, o máis concurrido que celebrou a UGT, pasou algo dos cincuenta asistentes.

OUTRAS VILAS

CC.OO. convocara outras manifestacións en vilas como O Barco de Valdeorras ou Ribeira, onde en ningún caso se chegou aos cen participantes. En Santa Uxia de Ribeira houbo tamén unha manifestación da CTG-ING, que contou con case trescentos participantes.

VALORACION

Festas en diferentes cidades (coa actuación de Soledad Bravo nas de CC.OO. na Coruña e O Ferrol) foron tamén elementos de mobilización. A posteriori, a valoración dos sindicatos variaba aínda ben. As CC.OO. estimaban que "a resposta e participación foi escasa. Nós non mobilizamos en manifestación máis que 12500 persoas, e isto todo é froito da división sindical, da negativa da UGT a participare nas mobilizacións unitarias". Pola contra, para a ING e CTG, "a mobilización do primeiro de Maio clarexou moitas cousas. Dunha banda, a perda total de creto da UGT, que, polo que se ve, non conta máis que co apoio da patronal, e o fracaso das alternativas do reformismo español tipo CC.OO. Doutra, a suba do sindicalismo nacionalista, hoxe xa implantado a nivel xeográfico maioritaria mente. E por riba de todo, unha cuestión: que os traballadores galegos, cando un se identifica e loita coerentemente pola resolución da súa problemática, respos-
tan".

crónica política

Resulta evidente que unha das claves da actual situación política é o tremendo esforzo que se fai, desde a esfera da reacción e do Poder, por aumentar o confusiónismo político, aparte de que este sexa lóxico nun Estado no que a esquerda parlamentaria non está cumprindo, nen xiquera, co seu papel de oposición democrática real. Pero este confusiónismo non impide que, paseniñamente, certos sectores populares, en concreto da nosa nación, vaian albiscando caís son os problemas reais e cómo se poden solucionar. A conciencia da necesidade dunha política galega vaise abrindo paso, por máis que os impedimentos e as trabas para a súa clarificación proveñan de todos os ángulos, oficiais e non oficiais, esquerdistas e dereitistas. Non pode, polo tanto, extranar que toda a prensa "rexionalista" fíxese tan denodados esforzos por restar importancia á celebración deste primeiro de Maio en Galicia.

Efectivamente, estamos aínda lonxe de que baxa un verdadeiro estoupido de conciencia clasista, formalizada de maneira nacional, contra as agresións dos monopolios. Pero non se pode ocultar o significado avance relativo do sindicalismo nacionalista fronte ao estancamento ou recuar do sindicalismo sucursalista. As mobilizacións dos sindicatos españois foron moito menores que o ano pasado, mentras que as do sindicalismo nacional galego mantivéronse, aumentaron notoriamente ou cambiaron significativamente de composición. A desfeita de certas opcións sindicais estatistas encamiñáanse polos vieiros da integración nun sindicalismo patriótico, antimonopolista.

Todo esto son feitos sintomáticos que se ocultan á hora de analizar a celebración do primeiro de Maio por parte dos medios de comunicación, só interesados en suliñar un suposto fracaso das mobilizacións e en menguar a importancia da data en Galicia fronte a Madrid o España. Os titulares, os espáncios concedidos, as valoracións, queren deixar constancia dun suposto apoliticismo das nosas clases traballadoras, cando unha análise obxectiva, en termos relativos, das cifras reais das mobilizacións amosan todo o contrario.

Igualmente resulta curiosa a teima unitarista de que fan gala todos estes medios de comunicación que atribuen os pretendidos fracasos á atomización sindical do país. Compre lembrar que a tal atomización sindical actuante e determinante é en Galicia mínima, porque as prácticas redúcense moito, aparte de que, precisamente no primeiro de Maio, só houbo, a nivel nacional, dúas forzas definidas, cada unha pola súa parte: a forza socialmente significativa dunha caste de sucursalismo e a forza socialmente significativa do nacionalismo. Recurrir a unha ensalada de siglas como cerimonia pode parecer moi obxectivo, pero é desvirtuar a realidade e práctica da nosa nación.

Polo demais, non imos comentar os casos de auténtico gangsterismo informativo a que nos teñen acostumbrados os medios de comunicación, especialmente o xornal de maior tirada de Galicia. Nesta ocasión chegaron a empregar erratas deliberadas, manipulación gráfica descarada, redacción retorta, mentiras ruins, para ocultar que o nacionalismo é unha forza determinante en toda Galicia.

A utilización como medio de presión colonial, como medio de terxiversación e paralización da conciencia nacional de que está sendo obxecto determinado tipo de prensa no noso país, só pode ser correctamente valorada precisamente polos que temos unha determinada opción política e por aqueles outros que son beneficiarios contínuos e cómplices das súas immoralidades informativas. Pese a todo, o movemento nacionalista vai ser imparábel en todos os eidos como a historia pasada ten amosado. Eles están a servir ao seu amo: o colonialismo, hoxe necesitado de confusión, mentira e terxiversación, delirantes e combativas.

resumes

VOLTA DINAMICA

Durante o paso pola "vuelta a España" polo noso territorio nacional, rexistráronse dúas "interrupcións" do paso dos ciclistas: a primeira, en Redonde-la, por mor dos conflitos relacionados coa desviación da estrada Vigo-Pontevedra. A segunda, por parte dos obreiros de CENSA, que cortaron a estrada por mor de chamaren a atención sobre o problema dos seus ameazados postos de traballo. O único "incidente" (aparte do derroche de pelotas de goma e botes de fume) foi o do coche do comentarista deportivo español José María García, que resultou inda ben cocado, despois de caseque (segundo testemuñas fidedignas) ter levado por diante a un par de traballadores.

SEGUEN SEN PACTAR

A chamada pola prensa diaria "izquierda gallega", inda non deu renovado os 'Pactos do Hospital'. PSOE, PSG e máis a Unidade Galega tiñan previsto un novo intenti para fins da semana do 5.

APOIOS PARA A UGT

A USO de Lugo, vén de afirmar en nota pública á prensa estar disposta a "intensificar las relaciones con la UGT". Na práctica, a USO estaba apoiando e recongendo o Acordo-Marco como linde de negociación en moitos convénios.

OS ARMADORES SEGUENA ARMANDO

Perante apostura da OTP ("organización de Trabajadores Portuários"), de declarar a folga se as negociacións que están a levar coa patronal non van óa bo camiño, os armadores da Coruña entrevistáronse co Gobernador Civil para demandar que se garantizara a realización do traballo fora como fora. Perante a negativa do Gobernador a exercer presión, os armadores acordaron de amarrar toda a flota coruñesa.

"A CULTURA NON E FESTA"

As Asociacións Culturais "Auriense", Liceo Recreativo Ourenseño e Cine-clud "Padre Feijóo" venñen de marchar da Comisión de Festas de Ourense unha despois da outra. En nota que remesou aos medios de comunicación o Cine-clud clarexa que, despois de teren aprobado a realización dunha serie de actos a ter encetado as xestións pertinentes, a representación da Corporación Municipal veu nunha xuntanza posterior con que "o cine e teatro non eran festas" e retirando as subvencións acordadas. Mesmo renunciou a organizar un pequeno campeonato de axedrez que foio que motivou a retirada do Círculo Recreativo.

RIANXO
QUEN GOBERNA E O ALCALDE

A prensa diaria, dias atras, informaba da dimisión de catro concellais da corporación do axuntamento de Rianxo. As cousas aparentes, o problema suscitou polas cuartas plantas dalguns edificios que se están a construír. A NOSA TERRA recolleu as declaracións directas de quen "nunca dixemos nada de dimitir" e o mesmo que eles estase a preguntar a que intereses pode beneficiar tal afirmación.....

Mesmo nun principio, falou-se de que a disparidade de criterios collera tais pulos que un concellal, Cesar González Dou-rado, ameazara ao primeiro tenente alcalde, Alfonso Tarrío Otero. "Non houbo tal ameaza, si unha discusión" afirma o devandito concellal que hoxendia ten presentada a súa irrevocábel dimisión en base a que "non se me entregaron, cando as solicitei, as actas dos plenos, como portavoz do PSOE que son en Rianxo e ademais negouseme a entrada no axuntamento".

A INEFICACIA DAS COMISIONS

Nembergantes, a teima suscitada ten un transfondo de descontento no que a xestión municipal se refire, polos outros catro concellais. E así, Guillermo Fungueiro, independente na lista do PSOE e membro da Comisión de Obras deixa tralucir unha problemática que abrangue a todos os eidos da xestión municipal, "os informes que eu presentei, ao longo deste tempo, e asesorado polo aparelador municipal, endexamais tiveron validez algunha". Da súa banda, Cons-

Fotos: ALBAN



tante Castaño, da mesma candidatura, e integrante da Comisión de Obras, Sanidade e Montes expón a súa disparidade de criterios respecto da actuación do alcalde no senso de que "nunca se fixo nada, cando se presentaba unha denuncia facíalle máis caso ao denunciante que ao denunciante". E mesmo Xosé Miguens e Xosé Roxo redundan no seu descontento a este respecto.

O DIALOGO IMPOSIBEL

Ao longo deste ano de xestión municipal os atrancos, por parte do alcalde do PSOE, Xosé Bravo Friero, déixanse traslu-

cir en todo intre. E así, os concellais non poiden plantexar as súas alegacións xa que "normalmente o alcalde sómentes fai plenos extraordinarios, e como non existe o apartado de rogos e preguntas nós non podemos facer nada...". Doutra banda, e a pesares de ter dedicación exclusiva "chega as once e media da mañá e marcha as dúas da tarde...."

Asemade, o problema da cuarta planta nas edificacións ven dado polo feito de que hoxendia négaselle a licéncia de obra a uns e permítiselles a outros. Malia todo isto, o alcalde ven de dicir que "xa que nos atemos a unha normativa legal non é posíbel a edificación das catro plantas....". "No mesmo senso, nunca lle neguei a entrada nas dependencias a ningún concellal, simplemente se produciu un altercado entre o primeiro tenente de alcalde e un concellal no que se verteron ameazas e por iso vaíse tentar evitar de novas disputas. Deste xeito, negolle a entrada ao concellal pero para ver de que non se produzan mais altercados...."

Mesmo o sr. alcalde considera que estes altercados son "un problema típico interno dun partido, nesnte caso o PSOE. Este enfrentamento dá pé a que se entre no terreo de que un diálogo con este señor non é posíbel...."

Entre outros moitos, a construción do cementerio municipal en entredito a axeitada actuación da alcaldía. Cun presupuesto duns trinta e tres millóns de pesetas, ninguén sabe de certo quen está ao cargo destas obras. "O cementerio, di un dos concellais, en principio non safa á subasta. Foi adxudicado a un contratista por esa cantidade. O alcalde deu a disculpa de que o estaban a facer un grupo de veciños, pero como o van facer os veciños un cementerio municipal...."

XOSEFINA L. CORRAL



DARIO XOHAN CABANA

carta entreaberta
Non e ouro todo o que reloce

Querida Directora:

O día que poídamos poñernos a facer un estudio ó por miúdo e como está mandado da prensa rexional, a bon seguro que unha ou dúas páxinas haberá que escribilas pra tratar do tratamento do primeiro de Maio de hogano.

Desde varios dias antes, desatouse unha campaña que poñía o acento na falta de unidade da celebración. Algúns con firma e outros sen ela, graves artigos laiábanse de que cada quen fose polo seu lado, en detrimento da sacrosanta e tradicional unidade, etc. Un coidaría que eran altos prebostes obreiristas, xente curtida na loita proletaria, os que de tal maneira se espresaban. Un cavilaría que o seu corazón escoaba vermello sangue coa terribel dor de ver a clase obreira dividida. E non oustante, os firmantes dos artigos que levaban rubro non me soan conocidos por tal actividade, senón máis ben todo o contrario.

Eu, chegado o día, pola miña banda fun á manifestación que convocaba a miña Central conxuntamente cos compañeiros da CTG. E realmente, tendo en conta que á que fun o ano pasado só convocaba a ING, estou por dicir que algo avanzamos en canto á famosa unidade. Non entendo, xa que logo, tanto laio, pois de calquera é sabido que a unidade faise pouco a pou-



co e non é imposta, en tal alta democracia coma esta, por decreto-lei.

Pero aínda non acabamos aquí: ó día seguinte, todos os periódicos rexionais choraban o escaso eco, a baixa participación do Día Mundial do Traballo na nosa Terra. Outra vez ós periodistas, ou polo menos a algúns, rompíaselles o corazón de dor, doíalles á alma pola escasa conciencia de clase que segundo eles había no proletariado. Outravolta un podía facerse a idea dos vellos sindicalistas chorando tempos pasados que a non dubidaloveran millores. Mesmo nun periódico que afirmaba que na manifestación ING-CTG de Lugo houbera 1.500-cifra aínda ben esaxerada, podes crerme, polo corresponsal da bimilenaria cidade, titulábase tal no-

ticia como de "escaso eco", con título ben atribuíble á redacción e non á corresponsalía.

Talvez eu non esteña moi capacitado pra comprender os altos motivos do xornalismo rexional. Tal vez, polo feito de non ter carné de periodista, escápanme razóns máis altas. Pero anque nun mar de dúbidas, estou por dicir que non é ouro todo o que reloce. Ou imos crer -ós nosos anos- todo o que nos din? Eu aínda aventuro a hipótese da man negra empresarial asumindo careta aparentes posturas de clase. Eu aínda teño a terrible sospeita de que os titulares do día 2 levaban cerca dunha semana escritos, e aínda secadra compostos agardando o día.

O que penso tamén é que -ós nosos anos- non nos imos deixar seducir por cantos de serena. Non iredes crer agora nas boas intencións da prensa rexional. Non creedes a estas alturas que os grandes prantos eran máis ca un sibilino recurso retórico, pois se fosen algo máis, teríades que crer tamén que os donos da Coz de Galicia se volveron comunistas.

Se lles facemos moito caso, poderán dicir de nós que levamos corenta anos en Estremadura e aínda non sabemos montar en burro.

Os últimos bispos de Lugo foron estranxeiros. Desde que Oria de Echave renunciou un dos bispos mais reaccionarios do estado, viñase especulando con diversos nombramentos, todos eles de cregos galegos. Ao final saíu un dos que case non soaba, Frai José Gómez González, franciscano en Santiago, octorado en Roma en dereito e nado en Lalín, fai 48 anos.

Os feligreses de Lugo afeitos a bispos "chapados a antiga" vense levar unha sorpresa con este frade de facer modernista e ar humilde.

¿Vais ser un bispo que abra as anquilosadas estruturas clericais luguesas? Pode nalguns puntos non vaia ser todo o tolerante que se poda pensar.

PADRE GOMEZ

"Un bispo da rua"

O actual Papa dalle especial importancia aos Sacramentos da penitencia puido influir na decisión de nomealo bispo.

¿Como ve os aspectos ministeriais da igrexa na actualidade, cando por certos sectores se está pondo en dúbida vellas formas?

Non é que sectores da igrexa estean buscando novas formas xa que as formas sacramentais da igrexa son sempre as mesmas. Os sacramentos desempeñan e teñen que desempeñar sempre na igrexa o papel fundamental que Cristo lles asignou, que son eses medios de que nós temos que valer para acercarnos a Cristo e acercarnos a Igrexa. Permanecen sempre como algo fundamental xa que son os signos externos que Cristo estableceu para unirmos a el.

A confesión comunitaria é unha das tres formas que esta establecida no ritual. A forma privada permanece e o Papa está insistindo moito nela, pero as demais confesións son auténticamente válidas e eu non vexo dificultades en que se celebre sempre e cando a xente esta preparada.

O matrimonio, a súa indisolubilidad estase pondo en cuestión non só xa por xentes de fora da igrexa, senón tamén por certos sectores desta. Como experto en dereito e como crego pódenos explicar a súa postura sobre o divorcio e a separación canónica.

Para un cristián a separación matrimonial é, un dos trámites cando se chega a unha vida imposible de convivencia matrimonial, entón había que recurrir, podíase recurrir, e efectivamente moitas das veces se recorre a esta separación sen antes procurar unha verdadeira vida conxugal. O problema vemle aí, está craro e non se pode negar. O divorcio é unha cousa que esta ao marxe da nosa concepción do matrimonio, é sempre un mal, o ideal de toda sociedade é que o matrimonio se mantivera sempre astra o final da vida. Desgraciadamente danse situacións irreversíbeis en certas sociedades soluciónase isto a través dun medio que é o divorcio, mais en España nós aínda non o temos, pero sempre será unha lei que veña a romper a unidade que se debía de manter para toda a vida entre persoas e desgraciadamente non sempre é posible.

A igrexa ten que estar inserta na realidade actual. Moita xente ten a idea dos frades como uns homes apartados do mundo. A súa relación coa rua é...

Que un religioso sexa nomeado bispo eu creo que non é ningún problema. Non estou inserto na realidade do agro pero teño traballado nas parroquias rurais levo dez anos predicando por aí e dando conferencias, nes-



te senso coñezo algo.

Os nosos frades sempre tiveron fama en Galicia de grandes predicadores polas parroquias. Quero seguir neste camiño, como bispo de traballar, axudar promover, sobre todo unirme a xente que sofre por unha serie de circunstancias e que eu debo de ser o primeiro en estar ao lado deles.

¿Un bispo viaxeiro? Non vou ser un bispo que ande diário por aí sen facer nada, pero si un bispo da rua que quero manter o contacto coa xente. A función fundamental dun bispo, para min, é estar ao lado de toda a xente dos cregos e dos laicos.

¿Cómo olla os movementos progresistas dentro dos cristiáns galegos e a revista Encrucixada como un exponente?

Coñezo moito ao seu director Queiruga, e coñecer a Queiruga e coñecer un pouco a Galicia xa que é un home adicado totalmente a realidade galega como está facendo Queiruga, pero non conto cos medios que ten el. Os seus debates parécenme moi ben, e son sempre positivos se se manteñen na liña evanxélica.

A xente ten bastante forza, e é suficientemente explosiva como para cambiar as estruturas, ou máis que para cambialas directamente, concienzar as xentes é as persoas para que coas estruturas que nós temos vaian pouco a pouco desaparecendo para dar paso a outras millores que respondan a realidade e que dean un marxe de liberdade, que é a liberdade dos fillos de Deus.

A súa diocese luguesa, foi moi castigada por a xerarquia eclesial. Igualmente a igrexa en Galicia cumpriu un papel de

asoballamento moitas das veces. Agora albíscase, un rexurdir tanto na igrexa como no pobo, ¿qué papel de be xogar neste momento?

O papel da igrexa hoxe de ser o papel que está desempeñando o Papa hoxe que está en Zaire, vai para alentar. Nos non podemos, en primeiro lugar nós non somos técnicos... o noso empeño, a nosa misión é estar ao lado da xente, axudarlle a xente para non ser persoas que están ollando desde arriba, senón que meternos ao seu lado, loitar con eles para que o pobo galego, concretamente o meu pobo de Lugo ollando desde arriba, senón que meternos ao seu lado loitar con eles para que o pobo galego concretamente o meu pobo de Lugo se realice nas súas posibilidades, e realizándose humanamente chegue tamén a realizarse nas realidades cristiáns.

Algun clero lugues da a progresista marchouse desilusionado. Outra parte deste clero permanece das súas parroquias castigados sen soldo por presentarse por partidos de esquerdas as eleccións municipais. O obispado, por outra banda, tomou a postura a favor da constitución...

Xa falei con aluuns destes cregos, pero a realidade total non a coñezo, por iso non poido facer valoracións. Primeiro hai que falar coas persoas. De todos modos creo que os cregos de Lugo son unha xente moi formada, humilde e traballadora e que queren moito a súa terra. Se cadra ao non poderen realizar o que querían desgraciadamente se saíron. Alguns destes rapaces xa me faláron deles, concretamente dous que están no Caurel, cando chegue alá quero irme para xunto deles par axudarlles no

que poda e que sigan loitando alí por o progreso humano e polo progreso espiritual.

En respecto aos cregos que son alcaldes ou concellais, tirei que seguir a resolución da Conferencia Episcopal, que di que os que teñen un posto destes teñen que deixar o posto de traballo. Estas normas parécenme prudentes, xa que un crego que está ao cargo dunha parroquia e realiza unha función destas pode ser mal visto por outros sectores ao pensar que está defendendo só os intereses dun partido.

Para moita xente a diocese de Lugo necesita unha reorganización. Os curas máis integristas están ocupando postos claves as parroquias millores, mentras que os curas máis xovens están en parroquias apartadas. Alguns grupos destes cregos viñeron patentizando a súa protesta por esta e outras situacións como por vivir co gran boato o anterior bispo. ¿Vai seguir facendo igual?

Eu non vou vivir no pazo, senón qna casa que me deron xa que non teño mais que esa. Non quero compar un piso para vivir nel e ademais ter que o quelle chaman un pazo. Daqui adiante non lle vou chamar pazo, senón a "casa da diocese" de Lugo, para que todo o mundo poida vir ali a casa está a hora do xantar xente conmigo que boa falta me fará xa que vou estar só.

En boato non vou ter ningún xa que vou vivir como frade en todos os ordes da vida, non vou cambiar nada no meu estilo, irei de hábito, de clériman ou sotana segundo as esixencias. Todo o que signifique boato se eu poido deixalo de boas a primeiras vouno facer.

Primeiramente irei en plan de ver, de acercarme o máis posi-

bel ao cregos, ao pobo para que eles me digan como están as cousas. Non vou a levar unhas preconceptos, xa que podían ser un obtáculo para acercarme ao pobo. Cando coñeza a realidade vou facer aquilo que me pareza que é millor e mais axeitado para unha vila ou unha parroquia. ¿Que sería conveniente aquí neste momento? Consultareino con aquela persoa personalmente cos cregos que están ali ou con outros e con aquela persoa que pode resolver o problema concreto ali. Se eu vexo que é a millor eu non teño inconveniente en pedirlle se me fai falla, de decírlle ao outro e mudalos de sitio para poder levar a termo a misión que me encomendaron, que é dedicarme totalmente ao pobo galego, neste caso ao pobo de Lugo.

¿Cais son os problemas sociais que máis lle preocupan de Galicia?

Os problemas que me preocupan son os que preocupan a todo o mundo en Galicia. Preocupanos os postos de traballo, o paro pois se hai traballo haberá paz e xusticia.

En Lugo que é eminentemente agrícola, xa sabemos que o labrego galego e unha xente moi boa, moi sufrida moi humilde que teñen uns impostos demasiado fortes como son a Seguridade Social Agraria, traballan por conta propia e non son empresarios, non teñen a penas nada e teñen que pagar un gran trabuco en diñeiro contante e sonante.

Unha das funcións dos cregos e cristianizar, pero cristianizar en base humana, por iso tratarei de alentar a todos os cregos que están traballando por os labregos e ao lado dos labregos.

Como vei o proceso de galeguización en se está a dar na litúrxia da igrexa...

Creo que o levar o idioma pátrio, a nosa lingua, á litúrxia é un medio de acercarnos ao pobo. Nos somos galegos e o galego e o noso idioma.

¿Qué pensa do movemento nacionalista?

O movemento nacionalista en tanto que trata de fomentar todas as realidades do noso pobo, neste senso do debemos ser todos nacionalistas. Debemos traballar todos e traballar moito para que nos teñamos realmente unha autonomía onde poidamos conseguir ter non só unha autonomía auténtica senón onde poidamos facer nos mesmos nosa realidade ninguén a coñece millor que nós. Hai que conseguir que a lingua sexa oficial como pasa no pobo catalán.

ALFONSO EYRE

OS VECIÑOS PAGARON UNHA CASA, A ADMINISTRACION "VENDELLA" A UN PARTICULAR



Polas noites, arremuíñados sobre o lume, continua a vixilancia da casa comunitaria.

As doce da mañá o piquete barrial que exercia vixilancia sobre a vivenda número 8 de Pico Sacro cumpúñano exclusivamente mulleres, "os homes andan a traballar, pola noite incorporanse e facemos turnos, facemos turnos porque o domingo veu ese, poña o nome, Fernando Goyanes, e quixo meterse dentro dunha que casa que é de

todos nós". E todas falaban en termos párellos, como a señora Lucia, porque "é unha burla para todos nós. El di que ten razón pois se a ten que presente os papeis" e mentras outras voces remachaban que eso de ter papeis dio el.

Dentro do bórrio de Santa Marta, no cinto de Santiago, erguéronse vai para unha trintena de anos oitenta vivendas da chamada "Obra Sindical del Hogar" que foron adxudicadas a cada un seu propietario. Un deles botou pouco tempo, a Administración española votoulle

os cartos e a casa que quedou valeira, a número 52 e que fai o número 8 da rua Pico Sacro, non lle foi entregada de novo a ningún solicitante senón que, unilateralmente, a Administración mandouno para ali un "vixilante". Andando o tempo a comunidade recibe unha proposta de "amortización anticipada" das casas e ao efectuarse esta descúbrese o que é agora o nu da cuestión: A casa número 8 do Pico Sacro tiña que ser amortizada, pagada polos agora 79 veciños que compuñan o lugar, ben no intre de facer frente, por xunto, á amortización da vivenda ben mensualmente, aínda que nas escrituras — segundo nos relatan

membros da comisión creada para solucionar en favor dos populares o conflito actual — non quedara constancia deste feito. Así e todo, a partires daquela os veciños sabían que entre todos pagaran un local, onde vivía o vixilante, un vixilante que caíra do ceo e que "mais ben compría vixilalo a el, as veces". O vixilante morre, a viúda solicita firmas das outras casas para poder continuar no número 8 e todos asinten. Asinten astra que, co pasamento e diante da intención das fillas — "que non teñen necesidade, unha mesmo esta en Madrid" — de quedarse coa casa, o bórrio non accede e aquelas fanlle entrega das chaves a un tal Santiago Suarez. A casa quedou outra vez valeira.

UN OCUPANTE SEN "PAPEIS" E CONTRA TODOS

Do que os veciños tiñan certeza é de que aquela casa fara pagada entre todos e que tiña que se utilizar en beneficio de todos, e mesmo se lles confirmaba o devandito pois que o 29 de novembro do 79 e en resposta a unha solicitude de vivenda de

Ramón Ribadas Lamas, o xefe de servizos provinciais da Administración do Patrimonio social urbano do MOPU denegaballe a casa do Pico Sacro por canto alegara, os beneficiarios da mesma son a comunidade de propietarios. Pero alguén non debía de ser da mesma opinión xa que os poucos meses aparece un ocupante, o señor Fernando Goyanes, que astra entón habitara unha vivenda na Secretaría do Movemento — "a casa do coserxe sen selo" —

que houbo que deixar ao adquirir Facenda dito inmoebel. O caso foi que apareceu pola Choupana, empezou a obrar no número 8 do Pico Sacro, os veciños movéronse, os que lle traballaban foronse tres días e non lle querían voltar, unha noite meteu móbéis na casa e hai un par de domingos presentouse para ocupala.

UNHA MURALLA DE HOMES E MULLERES.....

Pero a casa estaba atrancada con cadeas, o Goyanes non ia só e ao que nos contan os veciños un cuñado seu astra lle zoregou unha labazada a un membro da comisión do bórrio. Foi chamada a forza pública, Goyanes "non tiña papeis". Desde entón os veciños montan vixilancia e algúns, en representación da Choupana, andan a continuar as xestións que iniciaran cun escrito o 28 de febreiro á delegación do MOPU, outro posterior tamén á delegación na Coruña e ao Ministerio así como unha petición ao Axuntamento de Santiago no sentido de paralizar as obras que andaba a facer o señor Goyanes por consideralas ilegais. Ningun destes escritos tivo aínda resposta.

A unidade do bórrio cara recuperar para uso comun a casa non é simple palabrería e o problema segue en pé. Despois virá a discusión das posibles utiliza-

cións pois mentras as mulleres tercián por que se argalle unha garderia para os rapaces, os homes parece que prefiren un "club social"; pero isto virá despois.

M. LEDO

ESTIBADORES EN FOLGA DE FAME

En xaneiro do 79 e despois dunha loita dun sector dos estibadores portuarios de Vigo, conseguiuase que se fixeran eleccións sindicais para o personal fixo discontinuo, únicas que había en todos os portos do Estado español. Foi así como estes poderon entrar como fixos na plantilla da OTP. Os oito que se presentaron sobrepasaban as 320 xornadas que esixe a lexislación para poder entrar fixos, e os seu dereito estaba moito máis xustificado polo feito de que os 117 traballadores fixos que daquela había no peirao comercial gozaban dabondos reenganches, o que é unha boa mostra de que había traballo sobexo, namentras outros estaban fora somentes con Seguridade Social cando pasaran as 98 xornadas de traballo e sempre sometidos á decisión arbitraria dos consignatarios para conseguir o traballo decotío.

Nen a UGT nen CC. OO apoiaban estas reivindicacións e todos os intentos dos discontinuos foron bater contra da postura da Delegación de Traballo da "Junta de Obras del Puerto" e da Comandancia da Mariña, tres organismos que tamén tiñan que decidir, xa que defendían que debía resolverse o asunto na Xunta Local Portuaria, xunta que, pola sua composición e polas tres autoridades nomeadas anteriormente, non permitía moitas esperanzas. Doutra banda, os mesmos representantes dos fixos discontinuos tiñan dereito, con voz pero sen voto, a estar en presentes nas reunións da Xunta. Nembargantes, nunca os convocaron astra o remate do proceso.

E así, a posibilidade de entrar veu dada pola chegada a Vigo no vran do 79, un basco traballador do porto de Bilbao que pedira o traslado previamente. O feito de acptar a este home, que estaba fixo en Bilbao, rachou a normativa chamada de "Amortización de prazas", ase-

gundo a que as persoas fixas que producían baixa non tiñan por que ser substituídas por outros, por suposto sobexo de personal. Aproveitándose deste caso, en setembro, os oito traballadores discontinuos presentaron unha demanda en Maxistratura para incorporarse á plantilla e a senténcia recoñeceu o dereito a entrar fixos cando houber vacantes. Pola contra, a Organización de Traballo Portuarios interpuxo un recurso que aínda non está concluído no seu proceso. Saída esta senténcia, favorable en principio aos oito traballadores fixos discontinuos, celebráronse asambleas no porto entre os fixos que anteriormente se opoñían á entrada destes pero que, cambreada a sua postura, os apoiaron.

Despois a OTP celebrou xunta local en marzo deste ano, á que foron convocados os representantes dos oito traballadores fixos discontinuos, membros da ING, e aceptouse a sua entrada distribuídos entre os dous peiraos, o comercio e o pesqueiro. Agora estase levando unha folga simbólica no peirao comercial apoiada por CC. OO UGT e ING, tentando que en toda a zoa portuaria realice os traballos por personal da OTP exclusivamente. Por esto puxéronse en folga de fame tres homes de CC. OO e un da UGT, para que se cubran todas as vacantes que se produzan, xa que se tenta seguir coa amortización de prazas. Tamén se quer botar abaixo o sistema de xubilación que tentan implantar que dá pé a que non se cubran estas prazas. Levan dende o día cindo en folga de fame, primeiro na OTP e ao seren desalojados pola policía, pecharonse no Axuntamento vigués.

O día nove deuse un aviso de folga que teóricamente trata de partir de Vigo para artellarse a nivel do Estado con obxectivos varios, como o convenio colectivo e as vacantes.

X
Keito
PONTEVEDRA
SOPORTAIS DA FERRERIA, 4

LIBRERIA
XA
Vila de Negreira, 3
Tif: 261975
A CORUÑA

Riño
foto-cine

Santo Domingo, 9
Tfnos.: 225461-224458

LUGO.

A AGRICULTURA GALEGA AO LONGO DA EDADE MODERNA

No estudo da agricultura galega do antigo réxime pódense facer varias etapas, ao que non serían aplicables a todo o territorio: unha astra 1600/1630; outra do 1600/1630 a 1760, e a derradeira de 1760 en diante. Na primeira etapa, ou seña, no século XVI, a paisaxe galega é moi uniforme: a meirande parte das terras trabállanse en réxime de ano e vez; hai unha gran abundancia de montes, e o número de cabezas de gando por labrego é alto. Tamén é doado coñecer a organización agraria: as leiras están agrupadas en "agras", "barbeitos", "vilares" ou "chousas" — esto pode verse aínda hoxe —, e as obrigas comunitarias impoñense a todos; levantado o froito, o gando da aldea pode entrar nestas agras; se algun pecha as súas leiras orixina ao rente un pleito.

MOSTEIROS E FIDALGOS DESEMPOLVAN VELLOSGAMEOS.....

No século XVI non hai ningún adianto técnico: diante do inzo da poboación a resposta é amansar novos montes. Isto non deixa de orixinar conflitos: cando o monte comenzo a adquirir valor, mosteiros e fidalgos desempolvaban vellos pergameos, e reclamaron para si a propiedade; os labregos respondían alegando posesión inmemorial. Esta requiefa atravesou toda a idade moderna, e a apropiación dos comunais por parte dos "señores da terra" é unha constante.

Desde o 1600/1630 pode decirse que principia a transformación da agricultura do litoral e vales interiores. O elemento motor fai a introdución do millo, que José M. Pérez García localiza nas Rías Baixas a comenzos do XVII: a súa implantación foi tan súpeta que polo ano 1650 representa xa o 50-60 por cen do cereal que produce o campesiño do litoral. Con todo, este esquema non pode aplicarse a toda Galicia: salvo no occidente do país, o millo implantouse de paseniño, e inda andaba a facerse a súa implantación en 1750, ou ben é posterior a esta data (por exemplo na Terra Chá).

O Catastro de Ensenada, feito entre 1749 e 1753, permite coñecer a situación da agricultura galega neste intre. A primeira cousa é suliñar que se rompeu aquela uniformidade que en máis ou menos degra presentaba o país no século XVI. En 1750 hai en Galicia zonas perfectamente diferenciadas: os litorais e vales interiores, onde as terras dan polo menos unha colleita cada ano, dunha banda; e, da outra, a Terra Chá, a montaña luguesa, e boa parte da provincia de Ourense, que labran as terras a dúas follas — ano e vez —. A esta diferenza engádesse outra: ali onde a agricultura é menos produtiva, o número de cabezas de gando por labrego é máis forte que onde o cultivo se intensificou (6,2 cabezas de vacuno por labrego en Burón; 1,8 cabezas no Salnés). Como era de agardar, o inzo da poboación foi, desde 1591 a 1750, moito máis acusado nos litorais que nesta comarcas onde a agricultura entre as dúas datas, non notou cambio, salvo o cultivo de novas terras.

Pero a estas terras que en 1750 tiñan barbeitos tamén lles chegou a súa hora: se nas terras farturentas de vales e marriñas fora o millo o "motor", nestas terras menos favorecidas sería a pataca, que principiou a sementarse de forma xeral no obispado de Mondoñedo alá por 1768; en 1788 era cultivo corrente por Burón, Navia e Baleira, e na Límia, aínda que para a súa completa adaptación se precisou todo o século XIX.

Deste xeito, nos séculos XVI, XVII e XVIII, a paisaxe galega quedou definitivamente formada: pónense montes en cultivo (a desforestación en Galicia, salvo comarcas concretas, era un feito en 1600) e adáptase o millo e a pataca

Moitas foron as cousas que cambiaron en Galicia desde o ano 1480, data que se adoita por o indicio da idade moderna, tamén denominada "Antigo Réxime". No eido cultural, político e social, aconteceron feitos —alguns ben pouco coñecidos— que deron como resultado, en boa medida, moitos dos problemas de hoxe. Máis tamén ao longo destes séculos mudouse a nosa paisaxe, feito bastante ben coñecido pola atención que lle prestou a histografía galega dos derradeiros anos. Esta mudanza pode quedar reflexada nun exemplo sinxelo: no ano 1591 a agricultura galega sostiña unha densidade 20-25 habitantes por km²; e no 1750 a densidade era 44 habitantes por km²; xa que logo o labrego galego debeu duplicar entre ambas as dúas datas a produción agraria.

Tanto en libros como en testemuñas da época, é doado ver a agricultura galega calificada de "subdesarrollada" "atrasada" etc. Isto ven de fixarse somentes en aspectos parciais ou levar atrás problemas de hoxe. Con datos de 1750 pódese afirmar que Galicia representaba o 7,9 por cen da superficie da coroa de Castela, a esta superficie mantiña o 28 por cen da poboación da coroa, o 14 por cen do gando (o 31 por cen si atendemos somentes o vacuno), e daba orixe o 9,3 do produto bruto agrario. Todo isto amosa ben as claras que, se se ten en conta o rendimento por fanega de sembradura galega era das máis adiantadas da península. Claro que hai que ter en conta outros factores, e que rendementos elevados non quer decir, necesariamente, "nivel de vida" alto para o labrego: estes rendementos, resultado da intensificación agrícola, foron conseguidos a costa de parcelar o chan de concentrar cada vez máis esforzo sobre a mesma leira; no tocante ás ferramentas e aos abonos non houbo en toda idade moderna, ningún avance técnico.

Outro dado a ter en conta é a desigualdade das explotacións (deixando xa o reparto da propiedade da terra): o mundo labrego non é igualitario, e en todas as comarcas aparecen labregos con explotacións grandes e outros que traballan terras que non lles dan dabondo para a súa manutención. No Salnés, por exemplo, o 10 por cen dos campesiños ha de manterse nun cuarto do chan. A isto engádesse outro feito: as cárregos que pasaban sobre a explotación, como son os dezmo, a renda da terra, os trabucos, os censos, etc. O seu peso hai que medilo en porcentaxes relativas: para explotación tan cativas calquera cárrega se facía pesada. A emigración, o tamaño das explotacións e a morea de cárregas ás que o labrego tiña que facer frente foron os factores que crearon o mito da agricultura galega atrasada.

En todo caso non pode caber dúbida dunha cousa: o "modelo" de agricultura galega da idade moderna é perfectamente racional. Para facer frente ao pago de rendas da clase feudal e ao inzo da poboación, o labrego non tivo máis remedio que aumentar a produtividade da terra, xa que o recurso a amansar montes tiña unhas límites: había que manter certo equilibrio labranza-monte, senón correría perigo a propia labranza (ao menguar víase reducida a ganadería, e con ela o esterco para as terras).

Hai que dicir que toda esta mudanza da paisaxe non puido menos de satisfacer dos rentistas, que aumentaron en número ao longo da idade moderna. Cobraron un canon daqueles montes que se puxeron en cultivo, e, ao mesmo tempo, máis levadeiras as rendas antigas de xeito que podían ser pagadas con certa puntualidade (aínda que, doutra banda, a propia presión da poboación sobre a produción facía pesada calquera renda, como se dixo ao falar do tamaño das explotacións...). O remate do século XVIII e comenzos do XIX, cando o sistema precisaba reformas estruturais en canto a propiedade da terra e creación de industrias, os propios rentistas, para saír da crise, tomaron a molestia de fomentar entre os labregos as "luces": aconselláronlles que sementasen patacas, e aínda houbo tentos de dar a coñecer libros de agricultura... Ben entendido estes intentos desde arriba nada influíron somentes aguilloados pola necesidade, os labregos — ou, como diría Castelao, esa "infanda moitedume de lucifias e vagalumes" — deron forma a paisaxe galega, tal como hoxe se amosa os nosos ollos. Detrás desta paisaxe queda o traballo de xeneración enteiras de labregos, que viviron coa engúrria de pagar unhas rendas e, o tempo, mirar de que os seus fillos non pasasen fame.

PEGERTO SAAVEDRA



don augusto

X AQUIN MARIN

HAI QUE PENSAR EN DEIXAR DE EXPLOTAR ESTE PAIS E BUSCAR OUTROS

PORQUE GALICIA...
NON NOS VAI DURAR SEMPRE





Pepe Garalva presentador-director dos concursos de Misses en Galicia.

Iuf, que alegría, s6n tan feita!

Os concursos de Misses son un neg6cio en que se trata 6 muller como un obxecto. — Fotos: ALBAN.



Eleccións Miss

EXPLOAC

Cando hai un festi... nada concurridas neste... la", "Semana", etc.,... ¿Por qué, de onde... trivialización sexual... Estado todo xunto. P... tema, A NOSA TERRA... dentro

"iJuventud, beleza... ción de la mujer gallega... estas ou outras palabras... das empezan os concursos... sses que se celebran en toda... ción. O seu presentador... dor, director, é Pepe Gar... conta con todo o equipo... cia de publicidade Garal... que é director-propietari... celebrando estes certame... máis de vinteun anos, e de... quince ten a concesión... galego.

No Estado Español... liza estes festivais é a e... "Imagen y Promociones"... "Certámenes Españoles"... va tén de pagar un canon... por esta concesión para... territorio.

"Imagen y Promoc... a encargada de organizar... tames finais de Mis Españ... dindo tamén ao de Miss E... Os de Miss Universo e Miss... do xa teñen outra organiz... anque esta empresa está... nada con todos.

"Eu se monto estas... dinos Garalva, é por diñei... co diñeiro para min e para... presas onde se celebran... vais. Eles contrátanme... saben que cando eu vou... enche a sáa aínda cobrando... como fan cando hai festiva... o monto é por neg6cio e no... outra cousa".

E o neg6cio á conta... ses non debe de ser mo... hoxe a axencia de public... unha das primeiras e mill... Galicia, caseque se adica... exclusivamente aos festiva... las de Misses.

A ganancia vai en... da xente e da categoría da... se se vaia celebrar. O fest... de ir contratado por un... determinado ou ben ir a... taxe de xente. Nun festi... cabeceira de comarca, G... pode gañar arredor de... tas mil pesetas limpas de...

... "Pero se o empres... de eu non cobro nada, an... de fun sempre me volver... mar, xa que saben que co... o local énchese. Hai algu... cando vou eu levan os pi... xuntos, outros levan as... orquestas; así e t6do, o... tá asegurado, sempre... cal cheo.

ns Misses

EXPLORACION E COMERCIO COA MULLER

en festi-
as neste
etc., m
te onda
exual d
unto. P
TERR

elección dunha "Miss" calquera, a típica súa de festas non moi concurrida (porque as debe haber) échese. Cando se sabe que saen as "misses", revistas tipo "Hoteles", senón as suas vendas, si polo menos, o seu número de lectores.

do dos "concursos" encarnadores en toda a súa amplitude da comercialización e explotación sexual. ¿Por qué no noso país se celebran máis eleccións de "misses" que no resto do mundo? ¿Por qué, polo menos, como son, e o que diferentes persoas e sectores opinan sobre o dentro dunha elección de "Misses"?

O ano pasado, para que ve-
as os cartos que se moven, gas-
tei na organización dos festivais
previos a Miss Galicia máis de catro
millóns de pesetas", remata
decindo o organizador.

A verdade é esa: celebrar un
festival de Misses enche o local.
Algunha sala de festas ou disco-
teca que normalmente non tén
ninguén o día da celebra-
ción dun destes festivais está a tope.
O motivo non está claro. Os
mozos consultados din ir porque
"van moitas mulleres" e as rapa-
zas "porque ese día hai moi bo
ambiente". ¿A que se debe o am-
biente?

Pero a ganancia non está só
nos cartos de taquillaxe, por atrás
hai montada unha campaña pu-
blicitaria con dúas empresas pa-
trocinadoras: "Estrella de Galicia"
e a infaltable Coca-Cola.
Ademais dos intereses económicos
están os intereses do sistema.

**SE A MIÑA FILLA LLE DI-
XESEN QUE IA A SER MISS,
ESTARIA ORGULLOSO, XA
QUE LLE VERIAN ALGUN-
HAS CUALIDADES QUE NON
LLE VEN AS OUTRAS (Pepe
Garalva, organizador).**

O tinglado comercial-explo-
tador non para, con todo, coa
elección de Miss Galicia e a con-
seguinte presentación da elexida
a Miss España, esta é a metade só
do proceso.

Elexida xa a Miss España alá
por o mes de agosto, cando rema-
tan as festas e se empezan a abrir
as saas de baile outra vez, Garal-
va volve montar uns festivais de
"Presentación de Misses". A eles
acoden Miss Galicia, é unha das
suas obrigas, algunha finalista
máis dos concursos nacionais e
as misses locais.

Suben ao escenario, Pepe fai
como sempre a presentación, en-
tréganlles un ramo de frores, po-
ñen cara de sorriso, báixanse,
vanse, algun pega dous asubios e
o local sempre cheo, aunque "nes-
tes gaño inda ben menos", dinos.

Pero o concurso de Miss non
é o único en que a muller compi-
te con outras mulleres para ver
cal é a que representa máis fiel-
mente o papel e o estereotipo fi-
xado pola sociedade para poder
ter ás mulleres explotadas. Hai
outros varios concursos estable-
cidos, dirixidos as distintas cam-
adas sociais onde se está priman-

do e perpetuando a función que
a muller debe cumprir nunha de-
terminada clase social.

Outro destes concursos que
se ven celebrando en Galicia, an-
que con distinta organización é o
de "Reina de Las Fiestas" e co-
mo di a canción "...sempre sal
elexida a filla dalgun concellal..."

Iste concurso vai dirixido
maiormente ás capas sociais máis
altas de vilas ou cidades e unha
das cualidades que máis se esti-
man é pertencer á clase máis alta
do lugar, ademais de saber mover-
se entre as xerarquias e o pobo
como manda a clase dominante.

O concurso vai dirixido a es-
ta clase dominiante, e os valores
deben de ser os que están estable-
cidos, por esta, dándose o caso
que moitas veces sal elexida mo-
za que non tén outras cualidades
que ser "filla de papá".

Existen tamén os concursos de
"Majas", onde os valores e as
esixencias son os arquetipos da
burguesía; ou os da "Mujer Ideal",
no que se piden, ademais dunha
pouca preséncia, facer unha e mil
 cousas nas que se entretén a "éli-
te social".

**IUF, ISTO E MOI BONITO!
VOLVERIAME PRESENTAR
TODOS OS ANOS SE POIDE-
RA. QUE VA ¿SENTIRME UTI-
LIZADA?, NADA DISO. ISTO
A MIN CHIFLAME. (Carmucha,
Miss o ano pasado)**

O concurso de Misses, polo
nivel de xente, polos cartos que
moven e pola función que cum-
plen para perpetuar o sistema,
sobrepasan en importancia aos
outros todos. A súa mecánica é
fácil, contra do que se poida pen-
sar, e os resultados, tanto econó-
micos como ideolóxicos, son bos,
maiormente cando se leva con
profesionalidade e dedicación
como fai o organizador galego.
Pepe dá a imaxe que o público
lle pide, e coida astra a última
miudeza, como pode ser o de mu-
dar a roupa cada vez que sal á es-
cea, aunque seña por dous minu-
tos, ou rubir nunha banqueta pa-
ra parecer máis alto.

Días antes as zonas onde vai
ter lugar o festival aparecen cheas
de cartéis: "Elecciones de Mis-
ses..." A mecánica segue coa en-
trada da xente á súa de festas ou
discoteca. Ali na porta está unha
empregada da organización, Loli,

que lle vai tomando o nome as
rapazas que lle parece reunen
condicións. "Fíxome sobre todo se
son altas e sabén moverse", di-
nos.

Cando o baile vai xa pola mi-
tade, Pepe Garalva sube ao esce-
nario e le o nome das elexidas,
pedíndolles que pasen aos came-
riños. "Se algunha se presentase
e non reunira condicións, o máis
probábel e que seña unha golfa",
asegura Pepe.

As rapazas, entre as elexidas,
que acoden á chamada, pasan ao
camerino, onde son "cataloga-
das" por un "xurado" composto
case sempre por algunha forza vi-
va, o dono do local, o organiza-
dor e algun "destacado" máis.

O número de concursantes
depende das distintas zonas, re-
xistrándose o menor número na
zona de Lugo e sendo Vigo e Santi-
ago onde máis se presentan.

"Cando empezaron os festi-
vais de Misses había bastantes in-
convenientes, non é a primeira
vez que algunha nai me pregunta
se isto é pecado, afirma Pepe. O
número de xente varia moito se-
gundo as zonas; en Santiago, por
exemplo, temos que deixar fora
a máis da metade das que quixe-
ran presentarse.

Hoxe aparecen porque sa-
ben que non hai nada máo. Can-
do unha rapaza é Miss por algo
será, ten que ter unhas condi-
cións".

Segundo van entrando dáse-
lle un número a cada unha. O
"xurado", despois de observarlas e
falar con elas, coloca nunha car-
tulina os números da súa prefe-
rencia, por orde.

Segundo Garalva "vamos
buscando aquela rapaza que este-
ña ben de principio e despois res-
ponda como unha rapaza normal
e corrente. Mírase que teña soltu-
ra, que saiba estar. Interéanos
unha rapaza que nos vaia repre-
sentar ben.

O paso seguinte xa o sabe
todo o mundo, a proclamación
de Misses, coa imposición de ban-
das e bicos de ritual. Esta mecá-
nica é a que se segue nos concu-
sos limiares; nos finais xa se lle
fan tets e teñen que amosarse na
pasarela con distintos traxes. Ben
ocorre máis ou menos coma co
gado nas feiras pequenas e malas
case non se mira, pero nos con-
cursos selectos fáiselles pasear e
dar milleiros de revirivoltas.

**NON QUERO PRESEN-
TARME PORQUE EU NON
SON OBXECTO NINGUN, E
NON QUERO QUE ME TRA-
TEN COMO UNHA COUSA. IS-
TO E OUTRA FORMA DE
PROSTITUIRSE (Anxeles)**

Galicia no concurso de Mis-
ses é un caso aparte; mentras que
no resto do Estado non se chegan
a celebrar 60 festivais, só en Gal-
licia, no ano pasado, fixéronse
85.

Pudera pensarse que a cues-
tión do número vai en relación
cos núcleos de poboación. A ver-
dade non é esa. Moitas cidades
pequenas de España non contan
con estes concursos; todo vén en
función do montaxe económico-
ideolóxico; en Galicia os concu-
sos son rentábeis, e ademais hai
un gran número de rapazas que
se presentan.

Influen primeiramente as
pautas culturais do país. En Gal-
licia a muller forma parte do pro-
ceso de produción, aunque tén
por iso mesmo máis liberdade de
movemento, como se ve en ir de
romaría e relacións sociais.

Antes, estes concursos de
Misses eran patrimonio das clases
populares, a burguesía tiña os
seus, como xa quedou dito. Hoxe
están asumidos por bastantes
membros das clases dominantes.
Se os concursos primarios se uti-
lizan para conseguir un millor
partido, base da educación feme-
nina, cando se chega ao nivel na-
cional son utilizados para promo-
cionarse socialmente, no campo
do espectáculo ou no que pode-
ríamos chamar "prostitución fi-
na".

"Desde fun Miss, teño así
de mozos e moito millores" de-
cíanos unha rapaza, e outra ele-
xida a nivel nacional aseguraba.
"Sen esta promoción nunca che-
garía a onde estou", hoxe é unha
"actriz do destape".

Un dado que se pode ter en
conta é que no medio rural o 75
por cento das Misses ao ano se-
guinte de saír elexidas casan.

**"SE EU FOSE SEU MOZO
O ANO PASADO NON A DEI-
XARIA PRESENTAR. A MIÑA
MOZA E MIÑA E NON CON-
SINTO QUE SE SUBA AI PA-
RA QUE TODOS A MIREN"**

Cando unha Miss sal elexida
a nivel nacional, convértese en
escrava da organización. Non
pode facer o que quere, impón-

selle un xeito de comportamento
non pode casar, tén de facer pa-
ses de modelos, visitas, agasallos
e demais presentacións propicia-
das pola empresa. A dependéncia
e falla de liberdade empeza xa
nos concursos onde se lles proibe
beber, fumar un porro ou ter re-
lacións con xente que non seña
do festival.

Pero ao revés do que se po-
da pensar, as Misses non se sin-
ten utilizadas, a alienación que
sufren non lles deixa ver o papel
que están xogando. As suas res-
postas demostrano así.

Unha mostra de cómo o sis-
tema utiliza estas mulleres e que
as Misses non poder ser casadas.
As casadas xa "teñen dono" e
non valen para os seus fins.

Nos grupos comprometidos
coa liberación da muller a opo-
sición a estes concursos é crara.

"Os obxectivos destes con-
cursos, son perpetuar a estrutura
do sistema dominante, que a mul-
ler siga a carreira para a que a
educaron. Son unha especie de
promoción dentro da explota-
ción sexual da muller.

As mulleres que se presen-
tan teñen asumido, por desgracia,
o seu papel dentro da sociedade.
O seu único fin e casar co millor
partido, que para eso foron edu-
cadas, así están sustentando o
papel da muller dentro dunha so-
ciedade colonizada como a de
Galicia, "asi falaba Ana Caste-
lao, da AN-PG.

A Asociación Galega da Mu-
ller expresábase en termos pare-
llos en parte: "Os concursos de
Misses son a culminación dun
proceso educativo no que se re-
produce o sistema creado polos
homes e se marcan os arquetipos.
Potencian, por outra banda, a
competividade entre as mulleres
ao mesmo tempo que benefician
ao capital, primeiramente ao pro-
piciar que a muller adapte o seu
comportamento ao sistema esta-
blecido e logo aprofitándose de-
la economicamente.

E unha prostitución máis
grave que a tradicional", rema-
tan decindo, "xa que se vende o
conxunto do ser".

Os valores premiados nos
concursos de mulleres contrapon-
se aos premiados nos concursos
de Mistres (a musculatura, a for-
teza, etc.) Valores que a socie-
dade considera típicos do macho, e
que é igual ca os outros, non fan
máis qa propiciar a reprodución
do sistema dominante.

A. EYRE

... A inmunidade diplomática atravesada nestes intres por unha grave crise mundial. Cuba como país revolucionario está no deber de combater enerxicamente calquera situación que amenace con introducir no noso territorio prácticas que a tiranía política, a explotación e a inxusticia social en sociedades de clases explotadoras e clases explotadas e os reximes neocolonialistas, oligarcas e burgueses enxendron noutras partes e que en ocasións mesmo foron armas dos revolucionarios. Non queremos nin necesitamos embaixadores secuestrados. Non estamos dispostos, se por desgracia acontecera, a someternos a nengunha esixencia. Por iso adoptamos dun xeito riguroso as medidas axeitadas de protección. Por iso custodiamos as embaixadas. Por iso deu a súa vida ao valente soldado, Pedro Ortiz Cabrera, morto o primeiro de abril, namentras cumpría o seu abnegado deber na embaixada de Perú. La Habana é sen dúbida algunha unha das capitais do mundo con máis seguridade para os diplomáticos. Ao imperialismo gostarialle cambear esta imaxe e non estamos dispostos a toleralo...

A batalla estase a librar ardosamente dentro e fora do país. Era preciso rematar dunha vez por todas co chantaxe e coa provocación. A morte do soldado Ortiz Cabrera foi a gota que desbordou o vaso. Isto non é un feito aillado nin accidental. Ten moito que ver coa titánica empresa de construír o socialismo a 90 millas do país Imperialista máis rico e poderoso da Terra e arrodeada aínda a nosa pátria de moitos reximes oligarcas e burgueses que por espírito de clase que dun xeito ou outro colaboran con Estados Unidos na súa política de agresión e hostilidade a Cuba.

Resistimos heroicamente de agresión durante vinteun anos e os nosos amigos teñen que resignarse a idea de que imos resistir astra a vitoria final dos pobos irmáns do noso hemisferio. ¡Moito mais agora que non estamos sos!

Aínda non coñecen ben ao pobo de Cuba, Quizais o máxime canso e esgotado pola loita, que podería corromperse, abrandarse, abrairse polas sociedades de consumo, claudicar, renderse. Non se explican doutro xeito as ilusións do imperialismo, os ridículos soños contrarrevolucionarios dos nosos inimigos, a estúpida euforía dos reaccionarios de todo o mundo fronte as "dificultades" da nosa Revolución. Ignoran que 21 anos de Revolución veñen de deixar unha pegada moi profunda na alma do país e fixeron do noso pobo un pobo máis consciente, máis culto, máis profundo, máis revolucionario máis socialista, máis comunista, máis internacionalista.

Mesmo máis experimentado, máis aguerrido, máis combativo. Non se escribiu en balde a historia do Mohcada, do Granma, da Serra do Escamby, do Girón, de Crise de Outubro, de Angola, de Etiopía, de brillantes páxinas de internacionalismo e de abnegado esforzo creador na nosa pátria que en médio dun criminal bloqueio económico desenrolo social entre todos os países de educación, saúde e desenrolo social entre todos os países desta banda do mundo que Martí Chamou "Nuestra América".

Non nos dá vergonza dicir que aínda temos lumpes, declarados, antisociales e mesmo desafeitos á Revolución. Pero aínda así o noso país é o de máis baixo índice de delincuencia, droga, xogo, prostitución, desemprego, mendicidade e vicio neste hemisferio. Alguns destes males consustanciais do capitalismo desapareceron practicamente en Cuba. E non se tolera ningún deles. A nosa sociedade é austera, rigurosa, disciplinada como debe ser unha sociedade de traballadores. Rexeira ao vago, ao parásito, ao egosista, a todo o que tente de vivir do suor dos demais. Por iso non é extraño que estes elementos prefiran o mundo capitalista nin tampouco que na etapa actual do noso desenrolo revolucionario o delincente contrarrevolucionario e o delincente común tendan a identificarse.

Ningun dos que se aloxaron na Embaixada do Perú tiña causas pendentes con Tribunais Revolucionarios nin era buscado polos órganos de Seguridade do Estado. Gran parte deles tiñan antecedentes penais por delitos comuns ou causas pendentes por feitos da mesma índole e podían ser con toda obxectividade clasificados como lumpens. Iso sabemo moi ben todos os Comités de Defensas da Revolución e os veciños das áreas de onde estas persoas se ausentaron.

Nos non imos cair no ridículo método usado por alguns gobernos neste hemisferio cos revolucionarios de calificar dun xeito arbitrario como delito común o delito político. Ademais, para nós, socialistas, ambos tipos no noso país revolucionario son inimigos do benestar e do progreso social.

Mesmo nós endexamais negamos a institución do asilo político nin as posibilidades de saír do país a todo aquel que o desexe baixo o incommovibel, signo e sólido principio de que a construción do socialismo é tarefa de homes ceibes dun xeito absoluto. Ao longo de 21 anos centos de milleiros de persoas que ían desde tratantes, burgueses, pequenos burgueses, desafeitos a Revolución e elementos tipicamente descladados foron autorizados a saír legalmente do país. Recentemente fomos de indultar a máis de tres milleiros de presos contrarrevolucionarios e o primeiro que fixemos foi autorizarlos a saír do país e con eles a moitos melleiros que cumprían prisión por feitos da mesma natureza. Incluíase nesa posibilidade aos familiares. Estados Unidos, que tiña a principal responsabilidade moral respecto destes antigos contrarrevolucionarios, non amosou presa algunha en recibilos e dilatou as visas a moitos deles. Camarioca foi, e por certo pode voltar a selo se os yankees se empeñan en provocalo a proba irrefutable da nosa xenerosa política migratoria.

Se esta foi e é a nosa actitude, ¿que xustificación poderían ter os gobernos de Perú e Venezuela para amparar, asilar, dar visas, pagarlles os pasaxes e recibir como héroes a probados delincentes comuns e lumpens que penetraron pola forza nas súas embaixadas aos que nembregantes se lles negaban as visas cando as solicitaban normal e pacificamente?

Non somentes isto, Estados Unidos, nos derradeiros meses estivo alentando dun xeito desvergonzado as saídas ilegais do país e o secuestro de embarcacións cubanas cuxos tripulantes eran levados como rens a Florida. Nin unha soa medida foi tomada contra tais actos vandálicos. Todo isto servialles de material de subversión e de súa propaganda contra Cuba.

Estes feitos estimulaban as violacións das sedes diplomáticas e das leis do noso país por elementos que nada tiñan que ver con problemas de tipo político.

¿Por qué tais elementos escollian sempre as embaixadas de Venezuela e Perú e non por exemplo as de México, Nicaragua, Panamá, Jamaica, Granada ou outras de América Latina ou o Caribe radicadas aquí? Sencillamente, porque a actitude destes gobernos é de sincera amizade e respecto a Cuba.

Por outra banda, non podemos esquecer que en Venezuela xestouse e organizouse o monstruoso crime de Barbados por elementos que tiñan relacións coa política e co actual partido gobernante, os cais nin xiquera foron xuzgados.

Mesmo non podemos esquecer que foi a Marina de Guerra Peruana cuxa xefatura naqueles días era furiosamente reaccionaria, pro chelena e profista, a que fundiu no porto do Callao aos buques cubanos Río Jobabo e Río Damují o 22 de xullo e o 9 de outubro de 1977. O actual goberno do Perú coñeceu isto e non foi capaz de adoptar medida algunha.

Ao longo destes anos practicamente soportamos con paciencia os feitos irregulares acontecidos nas sedes diplomáticas de Venezuela e Perú. En moitas anteriores ocasións e por estrita cortesia e consideración e respecto desos gobernos autorizamos as saídas de tais elementos. ¿Mais acaso creise algún que Cuba ten que mendigar relacións diplomáticas e someterse ao chantaxe de calquer goberno burqués deste hemisferio? Esta situación plantexaba dun xeito apremiante e impostergábel non somentes que se debe enten-

EDITORIAL Granma

LA POSICION DE CUBA



AL COMO se esperaba a las pocas horas del retiro de las postas cubanas cientos de elementos constituidos por delinquentes, lumpens, antisociales, vagos y parásitos en su inmensa mayoría se dieron cita en el patio de la embajada de Perú. Al cabo de las 48 horas eran más de tres mil, procedentes fundamentalmente de la Ciudad de La Habana y las provincias occidentales del país. Algunos de estos elementos infortunadamente llevaron también familia. A juzgar por las vestimentas, los modales y el lenguaje, pocas veces se había reunido tan "selecto" grupo en algún lugar. Ninguno de ellos era...

internacionalista; no se derramó nuestra sangre en Cuba y otros rincones del mundo para defender, honrar y prestigiar con nuestra bandera ese tipo de "cubanos".

Sin embargo no se trata en este caso de una batalla contra la delincuencia y el lumpen. Se trata de una batalla por la dignidad y la soberanía del país y esencialmente en defensa de la seguridad y la inmunidad diplomáticas.

La dignidad y la soberanía, porque a nadie le está permitido en este mundo violar nuestras leyes soberanas y chantajear a nuestro país. Fortalecer que delinquentes comunes penetren por la fuerza en una sede diplomática ocasionando daños materiales y poniendo en peligro la vida de los custodios para luego ser recibidos como héroes por las mismas embaixadas por los que arrastraron a esos custodios.

¿Por qué non protestan contra a represión xenocida ao pobo de El Salvador que costou milleiros de mortos coa complicidade do imperialismo yankee e a Democracia Cristiana de Venuecla?

¿Por qué non protestan contra a masacre de labregos, obreiros e estudantes en Guatemala?

¿Por qué non protestan contra o bochornoso status colonial existente na nación irmá de Puerto Rico?

En El Salvador non hai milleiros de lumpens querendo marchar do país, nembregantes hai milleiros de patriotas que están a morrer.

¿Qué fan os Estados Unidos e un dos gobernos do Pacto Andino? ¡Axudalos a matar!

Pola contra, eiqui ningún policía disparou un só tiro contra os elementos antisociais que se aloxaron na Embaixada de Perú. Non houbo un ferido, non houbo un morto. Foi o Goberno Revolucionario de Cuba quen se ocupou de alimentar a esas persoas, fornecer de leite aos nenos que foron levados alí polos seus irresponsábeis pais, auga, servicios hixiénicos e eficaz asistencia médica a todos a pesares de que non hai ninguén entre eles que poida considerarse perseguido político.

Ao peche desta edición brindáranse consultas e atencións médicas a 5.473 perosa. Arredor de tres milleiros recibiron permisos provisionais para visitar os seus domicilios, dos cales 747 non voltaron á embaixada do Perú. 3.187 recibiron permiso definitivo para residir nos seus domicilios, pasaportes e autorización para saír do país co único requisito do permiso de entramos pais cando se trata de menores de 21 anos. 476 renunciaron dun xeito definitivo á embaixada e a idea de saír do país, fartos dos elementos que alí se aloxaron. Eles van recibir a axuda e colaboración do poder de cara a poder integrarse na nosa sociedade. En total xa son 4.410 os que, dun xeito ou doutro, abandonaron o seu "asilo". Os nenos de primaria e secundaria terán dereito a voltar as súas aulas namentra dure a súa estancia en Cuba. Os que se acolleron ao permiso definitivo van ter absoluta prioridade para saír do país. Isto deben sabelo categoricamente os gobernos que esteñan dispostos a conceder visas. En definitiva, Cuba é a que concede os permisos de saída. Na embaixada vai ficando o peor elemento, os mais xenuinos delincentes e lumpens, e van ser os últimos en saír.

O que máis ofende e indigna ao noso pobo é que as axencias cablegráficas imperialistas e a prensa burguesa e dereitista dos USA, de América Latina e do mundo, tentaron de fraguar a imaxe de que eses elementos representan ao pobo de Cuba.

Non se podía agardar outra cousa dos que, cheos de xenreira e de impotencia diante da crecente forza e prestixio da Revolución Cubana, atolecidos pola crise económica e polo vigor e pulo do movemento revolucionario e progresista do mundo non poden tapar a súa xenreira contra Cuba e os seus soños de destruír a nosa Revolución.

Sumando a isto, o goberno dos USA anuncia provocadoras e ameazantes manobras militantes arredor de Cuba, desembarcos de "marines" e soldados na Base Naval de Guantánamo, prácticas aéreas de minado dos nosos mares e outras accións polo estilo. Non é casual a coincidencia destes feitos. Como tampouco ceais seña casual a coincidencia de epidemias e pragas no noso gado porcino, o tabaco e a caña, pois por tras de todo isto pode estar hoxendia coma no pasado a da CIA.

Nembregantes, é necesario insistir que aínda non nos coñecen dabondo. As provocacións e ameazas fixeron tremar de indignación ao noso pobo dun extremo a outro do país.

Para responder con toda dignidade e enerxia aos nosos inimigos o noso pobo organizou infinidade de actos e mobilizacións que levan o selo inconfundíbel da súa forza e o seu espírito revolucionario. O 19 de abril conmemorábase o dazanove cabodano da historia vitoria de Girón.

Para ese día, as nosas combativas organizacións de masas decidiron convocar unha xigantesca manifestación que desfilará pola 5 Avenida.....

der polo dereito de asilo, senón tamén quen custidia as sedes diplomáticas en Cuba. Respecto do asilo dixemos e reiteramos que gustosamente imos autorizar a saída a cantos lumpens ou desafeitos desexen saír deste país. Non imos tolerar nengun acto de forza. Tampouco chantaxe. Os nosos custodios endexamais puxeron atrancos ao acceso normal e nengunha sede diplomática. Quen o desexe pode optar pola custodia da súa embaixada e dicidir a quen recibe ou non, a quen asila ou non, polas boas ou más. Nós sinxelamente nos íamos limitar a axudarlles cando o solicitara.

Por iso nós insistimos que esta non é unha batalla contra o lumpen é esencialmente unha batalla pola dignidade e a soberanía do noso país e pola seguridade todas as representacións diplomáticas radicadas en Cuba, e estamos disostos a levala astra as últimas consecuencias.

Naturalmente que a actitude do lumpen, único aliado social que lle queda ao imperialismo neste país, indignou fundamentamente ao noso pobo. E non sen razón. Altrouno, maiormente, que algúns deles saquen aos seus fillos dos círculos infantís e das escolas onde reciben unha educación que non téñen ningún outro pobo de América e os quiten dos nosos esmerados coitados médicos, dos milleiros do mundo, para leválos a un antro de delinquentes e a un porvir sen esperanzas. Ao noso pobo indigno a sou idea de que aínda exista xente desca caste na nosa sociedade.

Todos sabemos que eses elementos existen, que rexeitan a disciplina e a moral da nosa sociedade e que botan de menos o mundo da corrupción, do vicio e do alleamento capitalista. Hai dabondos para encher unha cantas embaixadas. Todos sabemos que son estimulados polo imperialismo e que moitas veces na historia foron utilizados como materia prima da contrarrevolución.

En tres días, a embaixada de Perú encheuse destes elementos. Ninguén coñece os datos exactos, porque a representación peruana non tiña alí control. Chegarémolo a saber con precisión máis adiante. O certo é que agora ninguén quere cargar con eles. Os resultados da xuntanza do Pacto Andino foron como o parto dos montes: un feixe de follas sobre o dereito de asilo, a Convención de Viena e cousas polo estilo. Nada concreto. Agora lémbrense de que teñen moitos lumpens e millóns de desempregados. Perú fala de recibir mil. España dí que cincocentos, o "noble" goberno dos USA expresa que pódia que poida recibir dous milleiros. Nembregantes, non se fai nada oficial. ¡E iso non chega! Segundo os cálculos alí poden ter penetrado entre seis milleiros e dez milleiros de suxeitos. Nalgúns momentos repartíronse astra oito milleiros de racións de alimentos, antes que moitos escomenzaran a acollerse, aos permisos provisionais ou definitivos, para voltar aos seus domicilios, outorgadas polo Goberno Revolucionario. Como dí o pobo, mercaron peixe e asustáronse coa cebaza.

Venezuela é petroleira, é rica, en parte grácias ao suor de países do terceiro mundo, podería moi ben recibir un bo número destes "asiliados". ¿Qué vai quedar senón da demagogía e a política sobre o dereito de asilo do Pacto Andino? Pero o problema non se resolve coa saída do lumpen. Tense que resolver a cuestión dos delinquentes que penran pola forza nas embaixadas: qué se fai con eles e quen se responsabiliza coa custodia das sedes. O control establecido pola autoridades cubanas arredor da Embaixada de Perú é polo de agora de carácter provisional e hai que chegar a acordos definitivos sobre o particular. Esto vén significar que podemos volver suspender a custodia en calquera momento.

O Pacto Andino considerou comenente convocar unha xuntanza especial para protestar contra Cuba, que non foi unha xuntanza especial para protestar contra Cuba, que non fixo senón esixir respecto a súa dignidade, ás súas leis e á súa soberanía.

¿Por qué non protesta o Pacto Andino contra o bloqueo a Cuba, que dura máis de vinte anos, criminal intento imperialista de render por fame a un pobo enteiro?

¿Por qué non protestan contra a ocupación pola forza dun anaco do noso territorio nacional na Base Naval de Guantánamo?

¿Por qué non protestan contra as ameazantes manobras yankees arredor de Cuba?

1º DE MAIO NOS PAISES CATALANS

Coa tónica xeral da desmovilización imposta desde as "prudentísimas" posicións da esquerda reformista, celebrouse nos Países Cataláns o primeiro de Maio. A outra histórica xornada de loita e de reivindicación obreira está a recobrar o "amável" aspecto franquista de festa que de feito nunca se chegara a perder de todo a través do tránsito á chamada "reforma democrática".

Nas nosas Illas, non houbo máis xornada que a convocada polas centrais sindicais da rutina e o apaciguamento, que resultou un paseo de menos de dúas mil persoas pola Ciutat de Mallorca, clamando obedientemente pola autonomización da "provincia de Baleares" pola vía constitucional española "cientocincuenta-yunera (ou no seu defecto, un 143 "bon". Gracias).

Na Ciutat de València houbo non unha soa, senón dúas manifestacións. A convocada polas CC.OO. e máis UGT (máis os partidos da esquerda dixeribel, PCPV, PSPV-PSOE, MCPV e máis LCR), xuntou unhas dez mil persoas. A convocada polos "Col.lectius de Traballadors", CSUT, SU, CNT e MUP, que pasou pouco dos tres milleiros de manifestantes; nesta segunda manifestación, que representou ademais a primeira aparición pública no País Valenciá dos CC.TT., as consignas eran referidas á necesaria loita polas liberdades nacionais, contra do "Estatuto del Trabajador", contra do Acordo-Marco e contra do paro. Pechaban a manifestación o PSAN e máis os "maulets", a carón dos grupos antinucleares e máis os mentados CC.TT. Deste sectores saíron as consignas sobre da construción do sindicato nacional e de clase dos PP.CC. e as non integraveis de "Fora les forces d'ocupació", "Que s'en vagin" e "Independencia". A manifestación pechouse co canto da

Internacional.

En Barcelona non houbo unha nen dúas, senón tres manifestacións. Dunha banda, a máis ou menos homóloga de todas as demais manifestacións do Estado. CC.OO., e neste caso CSUT, SU, SLMM, USTEC, STAT. Doutra banda, e nos sectores situados á esquerda e dereita cada seu das opcións representadas, manifestáronse en distintos lugares, dunha banda, no Fossar de les Morenes (histórico recinto donde están enterrados moitos loitadores que caíron na defensa de Barcelona cando o exército borbónico franco-español ocupara os Países Cataláns a primeiros do século XVIII), houbo unha concentración convocada polos CC.TT., STG, SANFIS e máis COLL. Nesta concentración, que recibiu entre outras as adhesións da ING e LAB, lembrouse varias veces aos loitadores independentistas cataláns que están na cadea ou no exilio, así coma aos que teñen caído na loita contra das forzas de ocupación. Seguramente que a consigna "Libertad patriotes catalans", coa de "Independencia", unha das máis coreadas. Xavier Mitjà, dos CC.TT., deu conta do proceso de creación, a partir das organizacións convocantes do acto, do sindicato nacional e de clase dos PP.CC. que seguramente celebrará o seu "Congrés Constituent" nos meses a vir. Igual ca en València, o acto rematou co canto da Internacional.

Asemade, nunha céntrica praza de Barcelona xuntouse o que lle poderíamos chamar a "dereita sindical", rexionalista, autonomista e amarelecida: SOC, CADFIC e un pequeno grupo recién esgallado dos "Col.lectius de Traballadors", disconformes cos presupostos nacionais destes e dispostos a lle dar pulo a un sindicato rexional de Catalunya, proxecto glosado polo secretario xeral do SOC. Esta concentración contou co apoio da CDC (o partido do "molt honorable" Jordi Pujol, sucesor de Tarradellas na Generalitat) e da recién fracasada candidatura ao Parlament de Catalunya "Nacionalistes d'Esquerra", froito tamén de esgallamentos pola dereita do PSAN e do Front Nacional de Catalunya, así como de certos sectores eurocomunistas e nacionalistas moderados.

En suma, e como se agardaba, poidemos ver, na medida en que as condicións o permitiron, que se manifestaron as dúas tendencias sindicais parellas ás dúas posibles opcións políticas: a abúlica e desmovilizadora, reformista, e a ascendente, rupturista; onde as condicións foron menos favorábeis, a desmovilización imposta desde o reformismo estatista, pode dar unha medida da tarefa inmensa que ten praxada a esquerda revolucionaria; onde os campos non están ben delimitados, deuse a confusión descrita en último lugar: Supostos "independentistas", codo con codo co partido do "gobierno" (por decir algo) de Catalunya, por un lado, e convocando cos eurocomunistas por outro, como fixeron en varias comarcas de Catalunya.

XAVIER ROMEU

EUSKADI

DOUS BLOQUES NO 1º DE MAIO

O primeiro de Maio deste ano nas catro capitais de Euskadi Sul caracterizouse polo descenso de participación segundo todos os observadores, sobre toda nas centrais sindicais CC. OO., EIA-STV e UGT.

En Iruña é de destacar sobre todo a ausencia de UGT anque se poideron contabilizar varias pancartas firmadas por agrupacións de fábricas desconformes coa actitude desta Central con respecto ao primeiro de Maio.

A manifestación estivo dividida en dous bloques o primeiro que agrupaba a CC.OO., USO, ELA-STV, SV, e CSUT; e o segundo maioritario composto polo sindicato da esquerda abertzale LAB agrupados darrador do cal manifestáronse tamén outras organizacións como as xestoras pro amnistia, a coordinadora abertzale socialista KAS, Coordinadora de parados, LKI, comités antinucleares CNT, STE-EILAS.

En Gasteiz a manifestación foi encabezada por unha pancarta de UGT, ELA-STV e CC.OO. que decía: "Contra la ley de empleo de UCD, Gora Euskadiko langileria".

Despois saíu outra que levaba unha pancarta unitaria firmada por LAB, CNT e SU. Tanto a manifestación de Nafarroa como a de Araba transcuriron sen incidentes e disolveron pacificamente.

En Donosti saíron dos bloques craramente diferenciados sendo o primeiro protagonizado por CC.OO., ELA-STU e UGT no que se puido constatar o descenso de participación con relación a anos anteriores.

Este ano é de destacar a participación de Euskadiko Eskerra co sindicato ELA-STU ao que aportaron a súa pancarta xa que como e sabido esta organización abandonaron o sindicato LAB para irse integrar os seus militantes a nivel individual na Central ELA-STU.

O grupo máis numeroso aportouno o segundo bloque que ia encabezado por unha pancarta firmada polas empresas en loita a continuación viáanse as pancartas firmadas por STEE-EILAS, EMK, SU, LKI, LAIA, Comités Antinucleares, xestoras pro amnistia LAB e ETA; cerrando xa a manifestación un bloque composto pola CNT.

Entre as consignas que se lanzaron podíanse escoitar as que ían contra a patronal, a lei básica de emprego, etc. Podíanse ouvir outras como "Gora ETA Militarra", "Soria Askatasuna", "la lucha armada es la lucha del pueblo". Destacando sensiblemente a de "Alkorta millonario suelta el talonario". Facendo crara referencia a carta remitida polo presidente do "Banco Industrial de Gipuzkoa" Sr. Alkorta a todos os medios de difusión negándose a pagar o "Imposto revolucionario a ETA". Cando o final da manifestación entraba ao Boulevard un numeroso fato de manifestantes que entraron de diante dirinxíndose ao Goberno Militar sendo interceptados pola Policía Nacional que se encontraba situada nas cercanías comenzando co disparo de botes de fume e co lanzamento de pedras por parte dos manifestantes continuando os enfrontamentos astra as tres da tarde. Logo volvéronse a repetir os incidentes astra practicamente as dez da noite.

En Bilbao tamen se deu o descenso no nivel de parti-

cipación entre as Centrais ELA, CC. OO. e UGT, sendo tamén o grupo máis compacto o formado por LAB no que se podían ver pancartas firmadas por HASI, KAI, ETA, HB, xestoras pro amnistia Antinucleares, Feministas, Parados, LAIA etc. Esta manifestación rematou con enfrontamentos con militantes de F.N. que desde que a súa sede lanzaron bolas de aceiro e tres cocteles molotov sendo alcanzado nas tempas por unha destas bolas de aceiro un militante de LAB, e o corresponsal de "Lunes Económico" entre outras persoas.

Con relación a estes incidentes é de destacar a nota aparecida no Diálogo EGIN que di así: "J-L. Aquí Lince-O. Cambio. Estou aquí en F.N. Hai uns sete ou oito xovenes e o local esta feito unha porquería. Din que teñen medo sair a que lles den unha paliza. Cambio".

Se lles parece vounos saca no meu coche, co que a furia popular se aplacará crendo que van detidos. Logo erinos soltando pro aí para se vaian a súa casa".

Resposta de J-L: "afirmativo, Afirmativo. Sácaos o antes posíbel". Pola tarde EGIN puido confirmar na xefatura superior de policía que non se producira ningunha detención.

A. OLAZIREGI

ESPAÑA

A FEBLEZA DO NOVO GOBERNO

XOSE LOIS G. LABANDEIRA

O goberno que saíu da crise ministerial desta primavera naceu criticado por todos os medios políticos tanto da oposición como dentro da propia UCD; por terse tardado vintedous días en solucionar unha crise que non se prometía tan longa, polo método empregado, que se valeiron nos trapicheos portas adentro da Moncloa, polas persoas que o compoñen. Polas actitudes coas que naceu parece que non vai a facer máis que colocar parches cuxunturais nos problemas do Estado; pero sobor de todo polo escoramento á dereita que supón ao alonxar do poder aos sectores socialdemócratas e liberais da UCD en favor da democracia cristiana e dos servos do Presidente Suárez.

O feito de que Suárez insiste en manter ao home que aparece como o máis fiel colaborador, o vicepresidente segundo Fernando Abril, quixera alonxar do poder a todos os representantes da socialdemocracia dentro da UCD e de que o sector liberal non conte tampouco con ningunha carteira dentro do gabinete, que coa entrada de homes como J. Luis Alvarez ou Ortega e Diaz Ambrosio se inclina clarisamente a banda da dereita cristianodemócrata, fixo que as críticas de dereitización do Goberno e que acusaban a Suárez de usar xeitos franquistas na súa remodelación, non se fixera esperar por parte da oposición.

A EXTREMA DIREITA SIGUE MATANDO

A cidade de Madrid, da que leva moitos anos sendo Gobernador Civil o noyo Ministro do Inte-

rior, Juan José Rosón, leva tamén moitos anos sendo o principal foco de actuación das bandas fascistas españolas e é ben sabido que en determinados barrios e moí perigoso levar calquera clase de escarapela ou pegatina de grupos da esquerda ou vestir dun xeito que aos fachas non lle gusta. Pero no presente ano pódese decir que actividade destes grupos ten arreciado e así é moí coñecido o caso de Yolanda González, a xoven estudante que foi asesinada por militantes de Fuerza Nueva, pero poucos días antes unha bomba enviada pola extrema dereita estoupou nas mans dos secretarios do Club de Amigos de la Unesco; as continas agresións no popular bórrio de Malasaña e a descarada actuación destas bandas fascistas durante o xuicio do Caso de Atocha. Non fai máis de quince días en que un xoven-militante da CNT foi apuñalado por xovens ultradereitis-

tas e o pasado día vinteito un grupo destes tomaba por asalto, armado de escopetas e pistolas a Facultade de Dereito na Universidade Complutense, ferindo a varios estudantes. A policía apareceu só cando os fascistas se foron para disolver a manifestación estudiantil que se formou a continuación.

O último destes atentados ocorreu o pasado primeiro de maio á saída dunha manifestación de traballadores cando tres mozos dunha AA/VV eran apuñalados tamén por membros da extrema dereita, un deles, Arturo Pajuelo morreu despois. O enterro, celebrado o pasado domingo foi toda unha manifestación de repulsa e de esixencia de responsabilidades por parte dos miles de asistentes.

Pero o máis sobresaínte e que a pesares de que estas bandas actúan practicamente á luz do día e que todo o mundo coñece aos seus integrantes non hai detidos, agás dos dous cacarexados dous asesinos de Yolanda González, caso no que, por certo non se permitiu a detención do xefe de información de Fuerza Nueva, pese a que apareza como instigador do asesinato. Así os fascistas seguen ceibes e sementando o terror practicamente na impunidad.

o Ensino

Revista Galega de Socio-pedagogía e socio-lingüística



Editada por "PROMOCIONS CULTURALS GALEGAS S.A." sob o patrocinio da "ASOCIACION SOCIO-PEDAGOGICA GALEGA"

SUBSCREBASE DESDE XA!

Ingrese o importe da suscripción anual de 1.200 pesetas na conta 01-500.000-5 do Banco de Vizcaya, Sucursal da Avenida de Buenos Aires en Ourense, por xiro postal, transferencia bancaria, ou talón, indicando seu nome, apelido e domicilio.

DIANTE DA MORTE DE TITO

J.NAVARRO.-LL.MOIX

Tito morreu. O corazón do vello mariscal -87 anos, presidente vitalicio de Xugoslavia, o último dos grandes persoaxes políticos superviventes da II Guerra mundial, deixou de latexar na tarde do domingo pasado no centro clínico da cidade de Ljubljana despois de cento trece días de loita coa morte.

A dor pola morte de Tito é xeral naquel país onde o mariscal era popularmente coñecido como o "starij" (o vello). Desde o luns pola noite o feretro do líder xugoslavo estivo exposto ao homenaxe popular na Asamblea Xeral de Belgrado e o xoves enterrouse con asistencia de moitos dirixentes mundiais. Mentras, Xugoslavia encara a difícil tarefa de gobernarse sen o home que a forxou como estado soberán e a dirixiu dende 1945. Desde a morte de Tito unha dirección colexiada de 8 membros ocupa o seu valeiro.

"A CLASE OBREIRA, AOS TRABALLADORES E CIDADANS, AOS POBOS DA REPUBLICA SOCIALISTA FEDERAL DE XUGOSLAVIA O CAMARADA TITO MORREU"

Con este laconico mensaxe anunciaron o domingo as autoridades Xugoslavas o pasamento do home que gobernou o país desde o fin da II Guerra mundial. O mariscal Josip Broz, Tito, de 87 anos, morría o domingo ás 15,05 (as catro e cinco hora española) no centro clínico de Ljubljana onde estaba internado desde o 12 de xaneiro.

O mecanismo ceremonial co que Xugoslavia honrou ao seu dirixente difunto púxose a andar. O luns ás 8,30 da mañá, un alongado toque de sirena anunciou a saída, desde a estación do tren que transportaba o feretro de Tito. O tren que o finado líder utilizara en vida para as súas viaxes por Xugoslavia detívose en Fa-

bra, a capital de Croacia e país natal de Tito, onde lle renderon o derradeiro homenaxe. O comboi fúnebre chegou a Belgrado o luns pola tarde e foi transportado astra a sede da Asamblea Xeral Xugoslava onde permaneceu exposto astra o xoves pola mañá. Tito foi enterrado nos xardíns do seu pazo residencia de Belgrado, ao pé do museo 25 de maio que se erguera en memoria do líder falecido.

A enfermidade de Tito pasará á historia como a máis longa e dramática agonía dun estadista. Todo empeza o sábado 12 de xaneiro cando o mariscal ingresou na clínica de Ljubljana queixándose de dificultades circulatorias na súa perna esquerda. Nén a primeira operación, nen unha semana de medicación intensiva deron resultado e o 20 de xaneiro os médicos víronse obrigados a amputarlle a perna esquerda (segundo se di co desacordo deste).

A recuperación transcurriu sen novidade astra o dez de febreiro no que unha serie de complicacións (quizais motivadas pola medicación) situaron a Tito nun estado crítico. Desde entón a sorte do Mariscal estaba practicamente botada.

Con todo, a forteza física do vello líder e os esforzos do equipo medico (contou co asesoramento de especialistas franceses, alemáns, norteamericanos e soviéticos) conseguiron manter a Tito con vida. Nos últimos días parece que o dirixente Xugoslavo -un home corporento- pesaba só 35 kilos.



AS FUNCIONS DE TITO REPARTIDAS EN DOUS ORGANISMOS


A partires de agora as funcións que desempeñaba Tito como Presidente Federal e Presidente da Liga dos Comunistas de Xugoslavia van ser repartidas en dous organismos: O Consello Federal, de oito membros (un por cada república Xugoslava) e o Presidium do Partido, de vinte e catro membros.

O consello Federal dirixirá colexiadamente o país anque un dos seus membros obste o cargo de presidente. Esta dignidade recairá en cada un deles por o tempo dun ano e repartirana por turno. O primeiro Presidente será Lazar Kolisevski, de 66 anos, representante de Macedonia.

A maquinaria do partido comunista será dirixida por Stevan Doronjski, outro dos membros do Consello Federal. O que se consideraba a man dereita de Tito, o representante de Croacia Vladimir Bakaric, ten a súa capacidade de traballo relativamente limitada por unha gran enfermidade pulmonar, pero con todo formará tamén parte do Consello Federal.

A GUERRA FRIA OCCIDENTAL

O día primeiro de Maio a meirande parte dos embaixadores e agregados militares dos países occidentais (once da OTAN ademais dos de Australia e Irlanda) non asistiron aos actos conmemorativos celebrados en Moscú, presididos polo xefe de Estado da Unión Soviética Leonid Brezhnev. O motivo alegado foi o seu rexeitamento da intervención soviética no Afganistán e da permanencia de tropas da URSS naquel país.



Este ven a-ser un feito máis da dinámica de "guerra fría" novamente emprendida por Occidente que sinte fortemente ameazado o seu poderío e mesmo as propias bases da subsistencia do sistema imperialista. En recuo permanente (de derrota en derrota en todas as partes do mundo) e atafegado pola crise, está a xerar unha forte sicose de belixerancia e de agresividade que resulta seriamente peligrosa para a paz mundial e a seguridade internacional.

O intento de consolidación política do sistema ven da man do acceso ao goberno dos partidos máis conservadores e da traectoria marcada polos elementos e sectores máis agresivos -os chamados "falcóns"- do imperialismo. Toda unha ampla contraofensiva está en marcha nos diversos frentes para a defensa do "mundo libre", dentro dun climax de terror e de escalada militarista, contra o comunismo destrutor e bárbaro e os seus aliados. A procura de coesión social ao redor dos plantexamentos e obxectivos imperialistas (en boa medida xa acadada na súa cobertura ideolóxica concreta) vaise asentando, ao marxe das súas coberturas ideolóxicas concretas, en dous pilares fundamentais e complementarios: o etnocentrismo euro-occidental e o sentimento de estar ameazados de perto.

Dentro dese cadro podemos situar as derradeiras actitudes do mundo occidental que revelan ademais a súa propia realidade de descarnada. Os EE.UU. como potencia hexemónica van sinalar os pasos a dar e a coordinar a acción e os demais estados do núcleo imperialista van a seguilos, pese ás contradicións que poida haber entre eles e ás reticencias que poidan existir. A posición da CEE en relación ao Irán non deixa lugar a dúbidas. E a campaña anti-soviética polo caso afgano, tampouco.

As accións concretas emprendidas polo imperialismo para frenar o avance do movemento anti-imperialista no Terceiro Mundo e á crecente influencia do campo socialista, ven a sumarse un aspecto fundamental para o novo período de "guerra fría" e que está directamente relacionado co xa expresado anteriormente: o lanzamento propagandístico, machaconamente reiterado desde perspectivas distintas e por organismos e personaxes diferentes, do feito da inferioridade militar de Occidente -en concreto da OTAN- frente aos países do Pacto de Varsovia, e por conseguinte da necesidade de modernizar e ampliar os medios "defensivos" occidentais. Acompañado, crará está, da sensación da posibilidade real e próxima da guerra mundial, guerra que só o "equilibrio do terror" e a detención do "expansionismo soviético" poderían evitar.

Dita campaña propagandística encubre xa os pasos dados na carreira armamentista occidental (bomba de neutróns, fortalecemento da OTAN, instalación de bases americanas en distintos puntos do globo, etc.) e tenta paralizar o proceso de tensión e de todo posíbel avance no camiño do desarme mundial, ademais de asegurar ao Occidente a superioridade militar imprescindible para intentar manter, cando menos, o "statu quo" a nivel internacional e frenar a liberación dos pobos e o proceso de descomposición do imperialismo.

Pero ao imperialismo vaille ser difícil, ao fin de contas, esquivar a realidade que supón a coexistencia pacífica en que están interesados non só o campo socialista -a quen cabe atribuír, por certo, practicamente todas as iniciativas para o desarme e para o control e eliminación das armas nucleares- senon os países do Terceiro Mundo, expresamente explicitado na sexta Conferencia dos Non Alineados, e todos os pobos do mundo, e sobre todo, vaille ser difícil parar a marcha inevitábel da Historia que o ten condenado a morte na nosa época.

RAUL FREIRE

CORONACION DE BEATRIZ, RAIÑA DE HOLANDA

Mércores 30 de abril a princesa Beatriz, despois da abdicación da nai, foi coronada raíña de Holanda. E mentras se desenvolvía o acto de coronación seguido por simpatizantes monárquicos, un verdadeiro exército de máis de cinco mil policías da "Unidade Móvil" daba batalla e facía frente tan mal que ben ás manifestacións dos antimonárquicos e outros movementos de protesta, a maior parte deles sen ideoloxía concreta pero vítimas dunha situación social contra a que se revelaban. Os enfrontamentos duraron máis de doce horas e por vegadas a policía tivo que recuar.

En Amsterdam, teatro principal, o balance é de máis de catrocentos feridos, entre eles máis de cen policías, a raíña foilles facer unha visita ao día seguinte ao hospital no que se topaban

por certo en moi mal estado e de moitos millóns de floríns de danos materiais.

Segundo os observadores, Amsterdam viviu o 30 de abril o día máis cruel da súa historia revolucionaria. As autoridades oficiais e os organismos de prensa, rádio e televisión de dereitas califican estas manifestacións de "puro vandalismo".

Pola mañá e durante as alocucións da Xuliana e da Beatriz, no Dam estoupou a primeira bomba de fume no medio dos manifestantes monárquicos e a poucos metros das raíñas-princesas. A locutora de rádio VARA, un dos organismos de esquerdas, que organizaba o reportaxe nacional bota con moito humor: "E fantástico que se podían botar bombas de fume nun acto coma este..." Duas horas máis tarde en-

trevisan ao grupo responsable: "somos un grupo de anarquistas de Amsterdam e loitamos contra a monarquía..."

Durante a intervención de Beatriz, podíanse ouvir as sireas da policía que actuaba en Rokin.

E así todo o día e astra moi avantada a noite, todo acto oficial ou monárquico ia acompañado do seu acto revolucionario en Kinkerstraat, Waterlooplein, Anstelstraat, Munt, Koningsplein e Rembrandtplein.

Pola súa banda, VARA e rádio STAD Amsterdam combinaron perfectamente ambos acontecementos. A cada comentario dunha escea monárquica seguía un comentario dunha escea de loita coa policía e entrevistas de manifestantes, o que lles trouxo unhas protestas da parte do goberno e dos organismos de rádio e televisión de dereitas, que os presentan coma provocadores das manifestacións.

A prensa holandesa do día seguinte traía comentarios sobre os reportaxes deste día no estranxeiro, entre elas no Estado español e ao parecer a RNE e a TVE fixeron un corto reportaxe deste día e nen falaban das manifestacións de protesta nen pasaron as imaxes da bomba de fume no Dam. Como di o refrán: "Onde sai fume é que hai lume".

DOMINGO PRIETO PAISES BAIXOS



A publicidade é quen participa A "VUELTA" EN GALICIA

Despois de trece anos, a "Vuelta a España" voltou a pasar por Galicia. ¡Xa tempo era!, din os aficionados. Pero este ano, como tantos outros tampouco hai ningún ciclista galego na ronda española, aunque agora está a rexurdir dunha crise provocada pola federación e grupos económicos aos que non lle interesa que haxa galegos destacados xa que quedan aló lonxe e ademais o consumismo aínda non está potenciado totalmente. En Galicia, na colonia, a dependencia e o pouco alcance dos medios de comunicación facían pouco rentábel a propaganda. Así, as carreiras ciclistas van sendo vehículos de propaganda e os equipos manteñense en función da rentabilidade propagandística, o mesmo que as carreiras e as etapas. Os deportistas sofren a explotación e as masas a agresión da propaganda: cousas do capital.

Porque neste sistema todo se mide segundo a rentabilidade económica que se vai obter. O deporte á un médio máis de conseguir esa rentabilidade e o que debía de ser un ben común estrutúrase de forma espectáculo-negócio-ganancia. Por iso moitas probas deportivas dependen da rentabilidade directa ou indirecta que se poidan sacar delas.

Un dos exemplos máis craros do deporte-comercio son as probas ciclistas, meras campañas publicitarias onde uns homes-anuncio son utilizados para chegar a uns potenciais consumidores.

Todo se mide desde o ángulo económico. Os equipos fórmanse para obter publicidade e as probas, as etapas, o recorrido, a mesma competición en si, o chegar antes ou despois, non é un feito deportivo senón comercial. Todo o tinglado desta manifestación deportiva é un gran cartel anunciador onde o ciclista actúa como recramo.

Os organismos oficiais, axuntamentos, diputacións colaborarán non para mostrarlle aos cidadáns un espectáculo deportivo, senón para promocionar a localidade ou a provincia cara o exterior.

No médio, pagando as consecuencias, uns asalariados que en vez de practicar deporte serven a uns determinados intereses comerciais, e os consumidores sufrindo a agresión dunha publicidade non por encuberta menos agresiva.

A "VUELTA" EN GALICIA

Despois de trece anos a "Vuelta" voltou a pasar pola nosa nación. Astra agora as casas comerciais non tiñan interese no noso mercado e as nosas carreteras non reunían tampouco as condicións indispensábeis para o paso dos ciclistas e moito menos para mostrarlles a Europa. Agora xa fixeron uns accesos, arranxaron dúas minimamente e astra temos unha autopista.

"El Correo Español-El Pueblo Vasco" deixou de organizar fai dúas tempadas a ronda ciclista española, xa non lle era rentábel, e para que non desaparecese o ciclismo comercial no Estado, quedando uns sen traballo e unha federación mermada de recursos, esta despúxose a levar a termo a organización.

Galicia estaba deseosa de ver pasar outra vez a "serpe de ro-

das" e o Club Ciclista de Santiago fixo todo o que puido para que este ano poidera ser realidade o feito. ¡Por fin!, suspiraron os aficionados, os ciclistas van vir as carreteras galegas, verdadeiras rompepernas. Catro etapas íanse celebrar en Galicia, que se quedaron en tres, xa que as aportacións económicas dos distintos organismos non foron tan grandes como esperaban. Das dúas mil que deu algun axuntamento pequeno as cerca de médio millón que gastaron outros, é aportación dabondo para financiar unha campaña publicitaria de empresas españolas e algunha multinacional.

En Santiago, comenzo da ronda en terras galegas, recibíuse a "Vuelta" con folclore, Xunta e botafumeiro incluído; discursos e entrega de maillots ao alcalde. Logo, durante tres etapas, expectación, xente deseosa de ver, algunha por vez primeira unha carreira ciclista que discurriu por unhas carreteras sen dificultades. Ademais foron unhas minietapas para as que se facían antes, 134 Kms. de Santiago a Pontevedra 195 de Pontevedra a Vigo, por opor un exemplo das etapas máis cortas e máis longa parecen un paseo para as que se viñan a celebrar fai trece anos.

PARA O ANO A VOLTA A GALICIA

Dada a aceptación popular que acadou a "Vuelta" estase pensando firmemente en montar unha "Volta a Galicia". Os patrocinadores serían en principio o Banco de Bilbao e a Caixa de Aforros de Galicia, levando a organización o club ciclista de Santiago.

Galicia necesita unha competición ciclista de altura, montada para promocionar ao ciclista que está a rexurdir. Os tempos de Ponte, Delio R. Emilio, Rosales, Calvo, Botana, Riera, Neira Angueira etc. poiden voltar.

Galicia conta hoxe con 21 sociedades ciclistas, Pontevedra ten oito, Coruña seis, Ourense catro e Lugo tres, con máis de duascenas licencias en total e equipos como o Spol-Riego que se pode codear entre os millores do Estado. Alguns dos nosos corredores como Felpete serían auténticas figuras se non fosen por as trampas e zancadillas que lle están a pór a federación e os intereses comerciais.

Galicia necesita unha carreira, pero unha carreira para Galicia e os galegos, onde non manden sobre o deporte os intereses alleos. Facer unha proba para profesionais onde quedarían excluídos os corredores galegos sería un erro irreparable e unha agresión máis ao deporte galego e a Galicia. Un montaxe comercial parecido a "Vuelta" en pouco o beneficiaría.


PUCHEIRO




"Os ciclistas, obreiros mal pagos" (Fotos: Albán).

"Cada acción da "Vuelta" é un montaxe publicitario.



se lle vai viaxar
faga turismo
na "casa" 

A SUA CASA E SUA. E VOSTEDE VIVE COMO QUER E VAI ONDE QUER. AS CARAVANAS E COMPLEMENTOS CATUSA TEÑEN TODO O QUE FAI FALLA. ASTRÁ O PRECIO E BON.



CARAVANAS CATUSA

E COMO UN "LAR" PARA LEVAR NAS VACACIONS E FINS DE SEMANA.

Servicio Post-Venta garantizado

 **COMERCIAL LAMAS**

Perpetuo Socorro, 1
Telf. 217080
Lugo

Navia Castrillón, 12
Telf. 560704
Vivero

General Franco, 24
Telf. 450674
Puentes G. Rodríguez

ΥΓΙΕΙΑ ΚΑΙ ΠΑΝΑΚΕΙΑ A TESE EPIDEMIOLOXICA

ANXO RODRIGUEZ

O concepto de adolescencia, no contexto xeral do crecemento e desenvolvemento humano e mesmo as súas implicacións sócio-históricas é relativamente recén. Considerado en toda a súa amplitude e especificidade, o perfil sanitario da adolescencia é moi complexo e conflictivo e representa, nas sociedades e estados, que non teñen previsións e planificación axeitadas, un reto permanente, especialmente crú en determinados aspectos. As relacións da adolescencia coa sociedade na que se enxerta son inicialmente reivindicativas.

A organización da sociedade civil moderna, non é axeitada en termos de adolescencia. Dentro deste contexto, a familia, como forma institucional típica das relacións de reprodución da humanidade no occidente, é influída de maneira determinante pola configuración global do proceso productivo, e polo tanto pola sociedade mesma, convertíndose acada volta máis nunha relación social na que, por outra banda, imperan os postulados da moral sexual burguesa. A análise polo miúdo da dinámica da familia, evidencia o alto grao de manipulación, instrumentalización e opresión do adolescente, e no caso de permisividade, amósase ás craras a frecuencia de fracaso e mesmo o carácter decadente de tal actitude. Mesmo o caso da condición da muller da que a análise levaría moi lonxe, representa unha das contradicións fundamentais máis flagrantes da sociedade actual, de maneira que a cuestión feminina constitúe núcleo central en relación co tema sexual da loita por unha nova organización da sociedade.

Compre decir que a análise sócio-histórica da adolescencia resulta altamente interesante, debido maiormente aos comportamentos altamente contradictorios en relación con presuntos dereitos, status xurídicos e actuacións discriminatorias. A grande industria comportou inicialmente a inserción dos nenos e adolescentes das clases inferiores, no proceso productivo con fins meramente lucrativos, a miúdo en condicións brutais e infrahumanas. No ano 1828, un neno de 13 anos morreu aforcado públicamente no estado de New Jersey polo presunto delito de asasinato. A suxección á pátria potestade no século XIX e practicamente astra os nosos días é absoluta, e as leis de protección para os nenos e adolescentes, como membros privilexiados da sociedade, non pasan de ser un ideal; mesmo a protección estatal contra do descoido e maltrato é moi esquiva. As leis que regulan as condicións de emprego de mozos e o traballo de tipo adulto, en etapa de aprendizaxe, etc., non se cumpren ou búrlanse. O concepto de emancipación é ambíguo e inoperante.

Tal como están as cousas hoxe na nosa sociedade o enfoque da adolescencia non é tanto unha cuestión de interpretación e comprensión, como se quer, senón unha cuestión de transformación e creación de "novo".

Fenómenos actuais, como o chamado "pasotismo", no adolescente, poideran ser consideradas como formas especiais de alineación, que terían como baseamento a inseguridade e mesmo a indixencia e dependencia económicas. Problemática que se acusa máis aínda na situación de paro xuvenil.

Son moitos os problemas sanitarios da adolescencia, todos eles dunha grande delicadeza, conducta sexual, problemas emocionais, adicción ás drogas, enfermidades venéreas, embarazo e anticonceptivos, poñamos por caso.

Os cambios nos patróns de maduramento, que xa temos referidos, adquiren unha importancia extraordinaria



Ilustración: XULIO MASIDE

e transcendental no caso do adolescente sexualmente activo.

Hai evidencia de que a frecuencia de embarazo en adolescentes, a miúdo escolar, é alta e vai en aumento, dándose as cifras máis altas en rapazas de nivel económico e cultural baixo no meio rural; por outra banda, tal acontecemento condiciona un alto grao de ilexitimidade a miúdo irrevésibel. Nun lugar dunha parroquia con catorce veciños, uns coarenta e tantos habitantes, atopamos seis mulleres con fillos fora do matrimonio (elixítimos segundo a lei), das que tres tiveron que emigrar para soteren o seu fillo e só unha puido lexitimar a situación co matrimonio.

A relación sexual premarital, entre nós, pode cifrarse nun oitenta e moitos por cen. Isto pode ser moi correto por diversos motivos e tamén porque a abstinencia por métodos punitivos (cultuais) tende ao fracaso. Por outra banda posto que a precocidade na actividade sexual é un feito certo e posibelmente irrevésibel unha preñez e un parizo en adolescente, non desexado, representa no contexto actual un serio incoemento. A miúdo o embarazo temperán sen perspectivas de lexitimidade, e aínda lexitimado, acompaña de inestabilidade familiar, alteración da etapa educativa, ao tempo que repercusións evidentes e tempeas no fillo.

Hai tamén evidencia no noso medio de relación estreita entre embarazo en adolescente e perigosidade con risco obstétrico, toxemia, parto lento e complicado, morte puerperal ou complicación postparto, baixo peso do produto, prematuridade, mortalidade pre ou neonadal. En xeral esguíva ou ningunha asistencia prenatal axeitada, e a miúdo parizo no domicilio sen asistencia médica.

O concepto de paternidade responsábel merecería unha crítica, maiormente en base á falla de programas educativos temperáns e aos desaxustes evidentes en política sexual. Queda aínda por saber quen é a persoa máis idónea e mesmo as institucións para impartir o ensino sexual.

En canto aos anticonceptivos, un terreo cheo de controversias, no que non se dixo aínda a derradeira palabra, suposta unha escolla axeitada, esíxese unha metodoloxía para a súa aplicación que non sempre teñen en conta os reponsábeis técnicos. Trátase no caso dos anticonceptivos orais de inhibicións de mecanismos fisiolóxicos, sen que se coñeza o seu mecanismo real de actuación e por suposto non son totalmente inócuos. Por exemplo non deben tomarse anticonceptivos orais mesmo despois da menarquia, como é o caso de moitas adolescentes que escomenzan actividade sexual, debido a que a función dos sistemas hormonais non está ben establecida e poidera eventualmente condicionar esterilidade irrevésibel e outras alteracións. A miúdo se usan anticonceptivos orais mesmo despois do primeiro parizo, inda que a existencia e remate do embarazo é unha proba de funcionalidade axeitada en casos temperáns. podería non ser correcta tal práctica indiscriminada. Precisa de investigarse as causas polas que a amenorrea (falla de ciclo menstrual e de ovulación) lactacional, como práctica anticonceptiva natural, que tanto prodigan con éxito regulador da prole as nosas aboas e nais, non parece funcionar axeitadamente nos nosos días.

Inda que é unha crencia moi espallada na sociedade actual, o aborto non se debe consideralo como procedemento anticonceptivo.

Velaí como un fenómeno biolóxico de tan alta transcendencia como é o alongamento da esperanza de vida reproductiva que supón o declive da idade da menarquia con nítidas implicacións nas taxas de fecundidade, que queda volta a volta sen respostar nas súas consecuencias máis óbvias, entra en competencia cos postulados da sociedade actual o punto de consideralo como unha impertinencia da natureza, cando non un erro, que hai que remediar antifisiolóxicamente.

INDICE DE ILEXITIMIDADE POR 100 NADOS

	1972	1973	1974	1975	1976
ESTADO	1,38	1,62	1,49	2,03	2,16
A CORUÑA	---	---	---	---	3,9
LUGO	---	---	---	---	2,86
OURENSE	---	---	---	---	1,77
PONTEVEDRA	---	---	---	---	3,94

Fonte: Personal con datos de ANUARIO ESTADISTICO 1979 e MOVIMENTO NATURAL DE LA POBLACION ESPAÑOLA 1976 (1979).

da terra asoballada

NOTA ACLARATORIA DO BN-PG SOBRE DUNHA NOTA APARECIDA O DIA 6 DE MAIO EN VARIOS MEDIOS DE COMUNICACION

Diante da polémica suscitada no axuntamento de Mos e en concreto do comunicado aparecido o día 6, baixo o título "Comunicado del alcalde, concejales de Bloque, PSOE y PC del ayuntamiento de Mos", o BN-PG, por mediación do seu concellal neste axuntamento, quer facer públicas as seguintes aclaracións:

1.— Non entedemos a que se de-

be a aparición do Bloque en tal nota, xa que non foi firmado pola nosa banda; xa que logo, non nos facemos responsábeis do que nel se di e pedimos que apareza públicamente tal rectificación.

2.— En canto á nosa posición tocante á polémica xurdida, queremos deixar ben claro que en ningún momento formamos coalición ou pactos nen táctica nem estratéxicamente con ningún grupo dos presentes no axuntamento de Mos, a pesares dos intentos de alinearnos tanto nunha banda (CPI-UCD) coma na do alcalde (PSOE, PCE e parte de

UCD), tal como se pode dar a entender coa nota aparecida.

3.— A nosa valoración sobre esta situación é moi distinta da que se pode desprender das informacións aparecidas na prensa ou as facilitadas polo grupo CPI-UCD.

Durante un ano de xestión municipal, no que existía consenso entre os grupos CPI-UCD e o grupo do alcalde, non se cuestionaron esta serie de anomalías que están a ser cabalo de batalla desta polémica, sen saír a relucir os verdadeiros motivos de fondo que son os intereses per-

sonais e o afán de poder destes grupos.

4.— Unha vez máis queda de manifesto que estas candidaturas mal chamadas independentes, presentan unha carauta electoral e agachan a súa opción política seña ésta AP ou UCD, como agora na práctica se pode comprobar (reunións co presidente da UCD, críticas reiteradas aos partidos de esquerda, etc...). o que confirma o que decíamos anteriormente. O problema reside nos anceiros de poder e nos intereses personais, e non en defender os intereses dos veciños

nen tan xiquera en democratizar o axuntamento.

5.— Para rematar, hai que dicir que o Bloque vaise manter ao marxe destas liortas personais e loitas polo poder, desenmascarando en todo intre a aqueles que tenten de confundir e enfrenar ao pobo e seguir a defender o seu programa no axuntamento de Mos, igual que o ven facendo nos outros axuntamentos da nosa nación. Isto é: pola consecución dos axuntamentos galegos ao servizo dos veciños.

URBANO LEIROS DOMINGUEZ

da arte e dos xeitos

POR FELIPE SENEN

O ESCULTOR NEOCLÁSICO FELIPE DE CASTRO

Falar da arte clásica é falar da arte importada, imposta e acuñada polos impérios. Nun tempo Grécia, no outro Roma e no seu día os Reis Católicos, Carlos V, despois Napoleón e o fascismo. Arte dos arcos de triunfo, dos templos de orde Xónico, Dórico ou Coríntio, das esculturas en mármore, espidas e simbolizando o superhome cheo de virtudes. Arte adiestrada, difundida e aprendida nas académias, nas universidades. Arte das fachadas das Casas Consistoriais, dos pazos de xusticia, dos bancos, dos anagramas editoriais, dos motores dos coches de luxo que tentan ser un Partenón en pequeno... casta e rango vai nas líneas clásicas, ese é o menxase dado polo tempo.

Imos falar, pois, dun escultor de Noia, de Felipe Castro. Nacido no ano 1711 nesta vila.

Alí fórmase no manexo das guías e das mazas, seguindo os consellos do seu primer mestre, Diego de Sande, para xa de mozo tomar a andaina cara a Santiago, centro importantes na arte dos imaxineiros, aquí traballa co retaboista Miguel Romay, artista das cresterías do coro de San Martiño Pinário.

Perq o mozo Felipe, inque-do, non atura as escolas provinciais de Compostela, sempre reducidas a arte das imaxes e dos retablos coída que ha haber un arte máis cortesán e velaí como orde a andaina cara á mesma corte que por aquel entón estaba en Sevilla. Alí remexe amizade ligadas ao rei Felipe V. Pedro Cornejo é seu novo mestre, baixo a súa dirección fai as estatuas de San Leandro e San Isidoro, pola súa boa feitura cháman a atención ao centro da arte clásica, a Roma. Felipe de Castro colle a idea e no 1733 non agarda máis e vaise a Italia.



Alumno aventaxado que vai sacando varias becas para as académias de San Lucas, de Florencia.

prás Arcadas de Roma, ondé os anxos para a igrexa de San Apolinar engaiolan aos máis eruditos.

Xa en tempos de Fernando VI volta a Madrid sendo recibido con todos os honores de Xosé de Carbajal, de Don Alfonso Clemente Aróstegui, do erudito Padre Sarmiento e do matemático Jorge Juan. Il é o director das obras de escultura que se facían para o exterior do Palacio de Oriente, figuras de Traxano, Teodósio, Ataulfo, Walia, Enrique IV, Felipe II... figuras do imperio.

O artista que saíu de Noia vai facendo unha importante carreira á beira da corte, así chega a ser director da recién creada Academia de San Fernando, recibindo méritos e sona por toda a xeografía. Máis súa obra en Galicia é ben cativa, somentes no convento do Carmen de Padrón queda o San Xosé feito por el en Roma, en Caldas de Reis a Virxe da Asunción, en Isorna a

Santa María e pouco máis.

Morto en 1755 e como "buen gallego" dona para a universidade compostelá a súa biblioteca, e as suas terras de Noia que valían para que na súa casa se creara unha "Primeira escola de letras y gramática". Polo demais a obra neoclásica de Felipe de Castro está nas verxas do Xardín de "el Buen Retiro", na igrexa da Encarnación, na calle de Alcalá, no Palacio Real... Obras ao estilo clásico, bustos en mármore, retratos que valoran a fisonomía dos modelos, peitados cos bucles do século XVIII, anxeños espidos e xoguetóns aprendidos en Roma, príncipes, reis, heroes cos seus xestos aceitando mudos. E lonxe Compostela e súa arte, esa arte con outra sensibilidade que o artista Xosé Ferreiro, tamén de Noia e vinte-sete anos máis novo que Felipe de Castro esta a facer despois da morte do seu paisán, artista das académias.

andando a terra

M. HORTAS VILANOVA

OS PETOS DE ANIMAS

Nos lonxanos e dourados anos da miña penez moito me apampanaba o peto de ánimas, que está na Tolda de Castela, case á estramuros da cidade de Lugo. Cando iba andando de Vilanova a Lugo ou de Lugo a Vilanova que non é o mesmo, sempre me paraba a contemplar cos ollos moi abertos, as almiñas figuradas no retablo de madeira e pintadas de moi vivas cores. Miña nai ou miña tía Pilar deixábase meter pola regandixa do peto, a esmola ritual. E servidor quedaba moi gustoso e compracido. O zunido de cobre do can da esmola, ó petar contra as calderifas do fondo quedaba resoando nos meus ouvidos longo tempo. Era unha música, doce, agradable e pequeniña.

O peto aínda está no seu lugar. Agora non recibe esmolitas. As cores do retablo están esvaídas e case non se distinguen as figuras, conserva a reixa de ferro, feita de barrotes entrecruzados, que gardan o retablo. Este peto é como unha capela en pequeno, feita de laxas de pizarra e no fronte, construída

de cantería pra enmarcar o retablo. Todo remata cunha cruz tamén de cantería. Antes estaba sempre moi ben caleado. Agora está completamente abandonado, aínda que se conserva, relativamente, en bó estado.

Despóis, andados os anos, atopei moitos petos de ánimas por Galicia adiante. Unhos isolados, formando un corpo diferenciado. Outros, no sur de Galicia, facendo parte dos cruceiros e como parte deles. E sempre me conmoveron estes moimentos sinxelos e fermosos, erguidos pola piedade popular en lembranza dos que nos precederon. Das almiñas que xa non están neste mundo, que aínda é o noso. Entre eles teño ollado retablos de madeira e retablos de pedra. Dos retablos de madeira chamoume a atención sempre o corido estoupante e inxénuo. E dos de pedra a gracia con que estaban labradas as figuras, que semellan vir dende o fondo do noso románico. A composición é sempre a mesma: na parte de abaixo as almiñas: papas, reises, emperadores, frades, cregos e labregos, envoltas nunhas chamadas que non meten medo. E na par-

te superior algun santo, a Virxe ou Cristo dándolle unha mau amorosa e grande pra sacalos daquel lugar. Dentro do tema obrigado a variedade e a espresividade das figuras é realmente rica e asombrosa. Ahí está toda a paratía dos nosos mestres canteiros e o inagotable poder creador do noso povo.

Cando lín AS CRUCES DE PEDRA NA GALIZA, de Castelao, atopei alí unhas noticias que me cabrearon. Nesta gran obra de Castelao entereime, por exemplo, de que a esimia Condessa de Pardo Bazán, non acougou decia que ollou derrubados os petos de ánimas que había en Mondariz pois, según ela, eses fetiches ofedían a sensibilidade relixiosa dos auguistas do famoso balneario. Pra eso publicou un artigo no xornal madrileño EL IMPARCIAL por si non chegaba o seu desafortunado artigo **El país de la benditas ánimas**, escrito en 1887. E eso que a señora Condessa era Presidenta da sociedade EL FOLCKLORE GALLEGO.

Un señor ouresán da chamado D. Juan Neira Caneela,

milítar de carreira, ó que Lamas Carvajal chamou "inspirado militar y bizarro poeta", nun libro titulado **Caldo gallego** fala dos petos de ánimas e chámalles "limosneras de piedra berroqueña que tienen un cristo de fisonomía patibularia". E aínda podíamos seguir.

Na nosa literatura non hai moitas alusións ós petos ou retablos de ánimas, si esceptuamos os estudos especializados. Vicente Risco e Xaquín Lourenzo escribiron páxinas definitivas encol do tema.

Entre os poetas compre citar ó ouresán Luís-Manuel Acaña. E moi fermoso o seu poema PETO DE ANIMAS:

Esfixe.
Berce e cova de distancias.
Agulleiro de camiños.
Dúbida petrificada.
Ísi pra a lúa, maina lúa,
o meu vieiro guiaras.
Rosa dos ventos.
Ciminterio das pegadas.
Aí, eco,
ísi eu tamén multiplicara!

Polo que teño entendido chámanse de ánimas os que se

erguen a veira dos camiños. E tamén cepillos que sirven —ou servían— pra recoller as esmolitas nas eirexas ou mesmo polas casas dos veciños e que son de madeira, con tallas que non difiren, no seu contido e representación das almiñas. Sempre representan ó purgatoiro.

Non sei da antiguedade dos petos de ánimas. E gustaríame saber algo máis desto. Un pensa no culto que os romanos lle daban ós antepasados, é dicir, ós deuses lares e penates. O conto é doado que veña moito máis lonxe. Os entendidos na metería saberán decilo.

O que non cabe dúbida é que os nosos canteiros, pintores e tallistas populares nos petos de ánimas non intentaron representar corpos, senón almiñas. E conseguiron. Isto é asombroso.

Por eso os petos de ánimas son unha parcela moi importante do noso arte popular. E dunha relixiosidade que ven de moi lonxe, anterior ó cristianismo. Como obras de arte teñen, pois, un interés excepcional. Hai que fixarse neles e valoralos debidamente.

Por CHAIRA

arredor de nós

DOS CARBALLOS E CARBALLEIRAS

Os boscos son algo máis que un conxunto de árbores. Unha comunidade viva, onde tanto os animais, como os microorganismos e máis as plantas superiores e inferiores teñen a súa función, esta comunidade viva ou bioceno, xunto cos diversos factores físicos e químicos, forman un determinado ecosistema, como pode ser o bosco, no que hai uns fluxos de materia e enerxía, "funcionando" en base a complexas relacións.

Exemplos de boscos témolos nas faxeiras, sobreirais, soutos, os boscos mixtos, e nas

carballeiras que son dos que nos imos ocupar aquí.

A carballeira é un bosco no que entran a formar parte basicamente os carballos ou cerquiños (mais ben na Galicia do sul), constituíndose así unha das formacións máis importantes da paisaxe galega, pois o carballo é unha especie propia da comunidade "climax" de Galicia.

Outrora moi abundantes, forman hoxendía extensións dramáticamente reducidas —gracias á man do home, que con grande sabencia exterminou todo podendo citar xa as talas masivas acontecidas nos séculos dazasete e dazaioito, seguidas polas motivadas coa chegada do

ferrrocarril, e xa mais preto a desaparición de grandes masas forestais derivado da repoboación forestal.

As veces os carballos achéense xunto con piñeiros, motivado pola repoboación destes, dando lugar a boscos mixtos, e como no caso das carballeiras propriamente ditas aparece un rico sotobosco, pois permiten o paso de abundante luz, estando constituído por acibos, sanguinos, queirugas, carqueixas, violetas...

O carballo é unha arbre alta e que medra amodiño, podendo chegar a ter centos de anos, e presentando formas relativamente variabeis según a densidade, idade, ou mesmo o tratamento

que se lles dea como por exemplo as podas. No que compre á casca tamén presenta variacións según a idade, pois nas árbores máis novas é máis ben lisa e grisá, mentres que nas velhas tórnase escura e con fisuras.

As suas follas son caducas, e verde mais claras polo envés. Froreco na primavera e froitica no outono, e as landras contúen o seu froito, empregándose pra darlles de comer ós porcos, e noutros países cómenas tamén os homes.

A madeira de carballo sempre tivo boa sona, sendo moi dura, e soportando moi ben os cambeos atmosféricos pplo que sempre se empregou en carpintería e para as cubas

do viño.

Son diversos os productos que se obteñen da casca, téndose empregado os cocementos pra emorraxias; tamén son útiles os taninos pra os curtidos.

Dentro da actual e absurda política de repoboación, levada a cabo masivamente a partires da guerra civil, o carballo é unha arbre máis a esmorecer.

A substitución indiscriminada de especies autóctonas de grande interés dende diversos puntos de vista, por outras que empobrecen os chaos pero medran con rapidez, e das que se fan grandes plantacións sen orden nen concerto, fai que as carballeiras, como outras moitas masas forestais, esteñan a esmorecer.

CINE

"STROSZEK".

Director: Werner Herzog. 1977. Película interesante sobre a evolución dun persoa, Bruno Stroszek, que sai da cárcere alemana e emigra a Estados Unidos en compañía dun vello e dunha prostituta, pero tampouco ali atopará fortuna e acabará engulido polo sistema. A cinta ten unha gran forza dramática, se ben cun ritmo desigual, apoiándose sobre todo na interpretación de Bruno S., que mantén unha caracterización marxinal moi peculiar, na liña de "O enigma de Kaspar Hauser".



"O CORAZON DO BOSCO", de Manuel Gutiérrez Aragón. 1979.

A última película de Gutiérrez Aragón, pode parecer, antes que nada desconcertante. Utilizando como referente argumental unha historia de guerrilla española, Gutiérrez Aragón vai nos ensinando un mundo de nosa terra española, cheo de conflitos, como foi o da resistencia popular a franquismo nas montañas. E neste senso o bosco, con toda a súa beleza

e agresividade, é o verdadeiro protagonista de film. Pero é tamén unha película intelectual, en canto non segue un modelo de reconstrución realista tipo crónica histórica, senón que arranca de recordos infantís do director astra chegar a convertirse nunha representación lonxana, cun carácter mítico, como mítica tamén foi a memoria popular dos guerrilleiros. Para isto, Gutiérrez Aragón parte de datos da realidade, pero articulados baixo a forma dun "conto maravilloso", e recolle os datos máis conflictivos desa realidade: o argumento basease na historia dun guerreiro

que se resiste a baixar das montañas cando o "maquis" xa non ten sentido histórico. E por iso a película remata tamén cunha traición:

"A traición — di M. Gutiérrez Aragón — é case un acto de amor é unha forma do coñecemento".

MARCOS VALCACEL

PUBLICACIONES

ANTROPOLOXIA CULTURAL

Un libríño editado por "Galaxia" intitulado "Lúaña: mitos, costumes e creencias de unha parroquia galega" da autoría de Andrés Suárez resulta interesante, como material a interpretar "a priori" por un etnólogo ou antropólogo, dos que Galiza aínda non dispon. O traballíño en si non ten, pois, máis interese que o servir de material de traballo, suposta a fidelidade

do autor na recolleita feita no povo de Lúaña, donde como se di na contraporta se poden recoñecer as claves de calquer aldea galega. Leva unhas ilustracións do artista Rivas Briones suxerindo os mitos ou creencias que figuran nas diferentes partes do libro, que resulta de lectura doada e entrañábel porque amosa a face real, a identidade propia, de unha aldea nosa.

LITERATURA

Neste apartado temos que subliñar o volume "Libros e autores galegos" da autoría de Ricardo Carballo Calero. O insigne profesor, sen dúbida o noso mellor historiador literario e crítico, inclúe neste primeiro tomo traballos seus, desde os trovadores até Valle-Inclán, nunha serie de pescudas

e estudos, co rigor indiscutíbel a que nos ten acostumados. Editado pola "Fundación Barrie", na "Colección Galicia Viva", resulta libro importante de consulta para os estudosos da literatura galega. Ademais dos trovadores galegos están presentes nestes breves ensaios do ilustre catedrático galego, quen endexa máis abdicar das súas conviccións nacionalistas nen renuncia ao noso idioma nacional, o P. Sarmiento, Curros, Lamas Carvajal, López Ferreiro, entre outros. Se cadra pagaba a pena que o autor empregase para sempre desde xa o criterio da normativa do galego que emprega nos "Clásicos do Estudantado", habida conta de que este tipo de publicacións van destinadas preferentemente aos

alunos galegos dos nosos liceus e da Universidade.

Dentro deste eido da literatura temos de incluír a terceira edición do "Diccionario de Literatura" en 5 tomos, editado en Portugal sob a dirección do prof. Jacinto do Prado Coelho, que está a punto de se esgotar e que inclúe "Literatura Portuguesa, Literatura Brasileira e Literatura Galega", ademais de "Estilística literaria". Concebido este "diccionario" como un apañío sistemático de xéneros e tendencias literarias e mesmo períodos históricos, (o único xeito de coñecer a literatura e máis a arte en profundidade é vinculada á Historia) resulta un dos elementos informativos e formativos máis importantes das tres literaturas do mundo luso-galego-brasileiro. No que respecta á literatura portuguesa talvez habería que rectificar algunhas anotacións, á vista das últimas investigacións históricas e literarias ou mesmo fuxir dalgunhas opinións moi subxetivadas do autor-comentarista, baseándose en datos máis obxectivos ou que reflexasen menos valoracións persoais ou xuicios de intención, caso no que tamén se pode

atopar a crítica e/ou aportacións para con respecto á literatura brasileira. Tocante ao noso centro de interese, a literatura galega, evidentemente hai un esforzo que co paso do tempo, desde a primeira edición repetida até esta terceira, resulta xa cativo e mesmo ultrapasado á vista dos últimos escritores galegos e dos eidos alcanzados pola nosa literatura. Dos colaboradores galegos o que traballou mellor e con maiores coñecementos foi sen dúbida o profesor Guerra da Cal, da Universidade de Nova Lorque, en razón posiblemente á súa especialidade que esixe un coñecemento máis rigoroso das nosas letras. Esta "pobreza" de medios e de representantes galegos nos eidos correspondentes deste grande Diccionario cultural luso-galego-brasileiro hoxe serían facilmente subsanables cos historiadores que hai na Galiza, críticos literarios e escritores, non sempre ben representados como decisivos. A colaboración dun elemento

da categoría do profesor Carballo Calero p.ex. escudaría importantes deficiencias ou faltas tocante á literatura galega neste Diccionario, na medida en que o profesor galego citado non é só un notabel historiador da literatura nosa, senón tamén un notabel coñecedor da nosa historia, ademais do galego e dos seus escritores. P. ex. hai deficiencias subsanables nas páxs. 60 sobre "Antologías da literatura galega", na 72 sobre "A Arte", na 92 sobre "O Barroco", 107 sobre "Contemporáneos", 214 sobre "Conto", etc. que compriría actualizar canto antes, o que non é de grande dificultade. O mesmo respecto a determinados "vacíos" hoxe inexistentes.

Un outro aspecto que sería desde logo discutíbel é o referido ao feito de se ter incluído nestas literaturas autores que non teñen escrito en galego, caso de Valle Inclán, etc., do mesmo xeito que se teñen incluído escritores portugueses que tamen se submeteron ao imperialismo español, en determinados tempos. Ao noso entender, como moi ben explicita o profesor Prado Coelho o vínculo común é a lingua e este debeu ser o único factor decisivo a ter en conta, excluindo aos autores que non tivesen escrito en galego-luso-brasileiro.

En calquer caso, ao profesor Prado Coelho, catedrático da Universidade de Lisboa, e aos colaboradores varios deste exemplar "Diccionario da Literatura Portuguesa, Brasileira e Galega", hai moito que lles agradecer. Representan un alicerce fundamental para os futuros estudos unitarios do idioma comun galego-luso-brasileiro e a súa unificación, ademais de mesmo un instrumento de consulta fundamental para os escritores galegos, que deben coñecer a produción literaria luso-brasileira, como os portugueses e brasileiros deben estudar e coñecer a cultura e literatura galega. Algun día habereá textos galegos unificados que poidan ser consultados e estudados polos profesores e alumnos das Universidades do mundo luso-galego-brasileiro, variantes falas dunha so lingua comun.

AXENDA

Problemas das linguas son normalizar, situar, do Galego e alternar

Luis V. Arce
Marta Pilar García Negro
Francisco Rodríguez
Pilar Vázquez Cuesta
Ricardo Carballo Calero

FOTOGRAFIA

Vilasó. Foto gráfica. Citânia. Saa anexa. Astra o 17 de Maio. Santiago.

ACTOS

A prensa e o idioma galego, conferencia de Margarita Ledo Andión, dentro do ciclo "Polo dereito irrenunciable ao uso do noso idioma", que organiza o F.C. da AN-PG. Día 9, ás 8 do serán. Instituto Femenino. O Ferrol.

A muller e a verba, ante o mito e a soedade, conferencia de Marta Pesarrodona, dentro do ciclo que organiza o Ateneo da Coruña. Día 9, ás 8 do serán. A Coruña.

I COLOQUIOS INTERNACIONAIS SOBRE "CULTURA E MEDIOS DE COMUNICACION EN SOCIEDADES DEPENDENTES (GALICIA)". Organiza o Departamento de Socioloxía

da Facultade de Ciencias Económicas de Santiago.

Venres, 9 de Maio:

-10.30: Bernar Cassen, ponencia "Puerto Rico, un caso extremo de sociedade dominada".

-11.30: Xesús Alonso Montero, ponencia "Unha mesma tarefa: a cita coa palabra da cultura e a cita coa cultura da palabra".

-12.30: Debate.

-16.00: Miguel de Moragas, ponencia "Comunicación, cultura e centralismo no Estado Español".

-17.00: Ignacio Ramonet, ponencia "Novas tecnoloxias pra mais dominación cultural".

-18.00: Armand Mattelart, ponencia "Función das comunicacións masivas en épocas de crise económica".

-19.00: Táboa redonda sobre: "O imperialismo cultural hoxe, coa participación dos ponentes".

- Clausura dos coloquios.

"A obra literaria de Fernando Pessoa e as súas influencias". Conferencia do profesor portugués José Augusto Seara. Dentro do ciclo que baixo o título "Area literaria galego-Portuguesa-Brasileira" organiza a AS-PG. Día 10, ás 11.30 da mañá, na Escola Universitaria de Maxisterio. Santiago.

Ciclo, presente e porvir do galego escrito. Conferencia de Xosé-Martiño Montero Santalla. Organiza o Ateneo da Coruña. Día 14, en San Andrés, 143, primeiro. A Coruña.

TEATRO

O teatro galego na Arxentina, 1937-1950. O meu teatro, conferencia por Manuel D. Varela Buxán. Día 9, ás 7.30 do serán, Galería Sargadelos. Santiago.

RECITAIS

Milladoiro. Actuación o día 14, ás

8.30 do serán, no Teatro Colón. A Coruña.

CINE

Gulliver, de Alfonso Ungria. Día 9 de Maio, ás 10.30 da noite, no Cine Avenida. Cine-club Marin.

"Edipo Re", de P.P. Pasolini. 1967. Día 9, ás 10.30 na Casa da Cultura. Cine-club "Padre Feijóo". Ourense.

"Kuhle Wampe", de S. Dudow e mais Homes en Alemania, de W. Basse. Día 13, ás 8 do serán, na Casa da Cultura. Cine-club "Padre Feijóo". Ourense.

Cans perdidos sen collar, de J. Delannoy. Día 14, ás 8. Cine-club "Padre Feijóo". Ourense.

DISCO DA SEMANA

"SWITCHED ON BRANDENBURGS" SINTETIZADOR WENDY CARLOS CBS. 79227

A inxeniero de son, Wendy Carlos, acometeu a tarefa de sintetizar os seis concertos de Brandeburgo de S. Bach. Os resultados son moi superiores ás súas anteriores experiencias. O álbum merece recomendación absoluta para os coñecedores dos concertos e relativa para os que non o señan, xa que o precoñecemento resulta condición case necesaria para o disfrute desta transcripción.

Fausto.-HISTORIAS DE VIAJEIROS CFE- Guimbarda GS - 11068

O maxistral troveiro angolés presenta unha fermosísima grabación que é unha vez mais, unha lección para incompetentes que creen que a solución está na complexidade.

Friedrich Chopin.- CONCERTO PRA PIANO, n.1 Orquesta de Filadelfia Emil Gilels

Dtor.- Eugene Ormandy CBS-Maestro 61931

Versión de calidade dunha obra apreciada por todos os aficionados e que ven agora editada nunha colección económica.

TEATRO

O conto dos cinco camiñantes, representación polo grupo "Tespis". Día 12, no Albergue de Sada. Día 13, na Universidade de Santiago. Día 14, na Delegación da Cultura da Coruña. Día 15, en Ourense (org. a A.C. Auriense).

CONCURSO

Asociación Amigos da Cultura de Pontevedra organiza o III CONCURSO DE PROSA, POESIA E DIBUXO PRA RAPACES. 1980. CO GALLO DO DIA DAS LETRAS GALEGAS.

Finalidade. O fin deste Concurso é fomentar a defensa do idioma e cultura galega e máis o axeitamento do ensino á realidade do neno e de Galicia. Autores. Poderán participar todos os rapaces que se atopen entre os 6 e os 15 anos. Tema. Os traballos, que teñen de ser sobre temas da cultura galega, abranxarán os seguintes apartados, a escoller:

A.- Narracións cortas.
B.- Poesía.
C.- Dibuxo.

Idioma. Os traballos deberán ser feitos en idioma galego. Premios. Haberá lotes de libros para os que fixeran os traballos máis axeitados á finalidade que se persigue. Prazo de admisión. O prazo de admisión quedará pechado ás 24 horas do día 16 de maio do 1980. Os traballos enviaránse a Asociación Amigos da Cultura,

Apartado de Correos 363 de Pontevedra. Xurado: O Xurado será designado por Amigos da Cultura e darase a coñecer oportunamente pola prensa.

MOSTRAS

Doro. Pinturas. Saa do Ministerio de Cultura. Deica o 11 de Maio. Santiago.

Xosé Cisl. Escultura. Deica o 11, Saa Citânia. Santiago.

Alfonso Costa. Dibuxos. Deica o 13



de Maio. Galería Catro. Tabernas. 4. A Coruña.

Moldes. Oleos. Groucho Pub. Pontevedra.

Traballos populares do Estado español. Astra o 13. Na Saa do Ministerio de Cultura-da Rúa da Reina, 18. Lugo.

Pereiro Miguens. Oleos. Diputación Provincial. Lugo.

curso de lingua

Vintetres

EDUARDO BLANCO
AMOR E A
NOVELA GALEGA

X.M. DOBARRO
M. P. GARCIA NEGRO

—¿Pro por que, meu señor?
—¿Incomunicado? ¿E iso que ven a sere?
—Por máis que eisi sexa, e eisi ten que ser, xa que vostede o di. ¿Pro que mal habería pra ninguén en que ela mesma dese a comida que me trai?

—Por máis que eisi sexa. ¿Que pode facer a probe da vella? Xa que está aí... Somentes darlle unha aperta pra asesegala e pra que sepa que eu nada fixen de mau e que estou eiqui pra decrarare, e que ninguén me pode apoñer o que non fixen... Ademais quero saber da Raxada e máis do pequecho. Coido que un home ten dereito a saber dos seus.
—Non señor, que élle tan xorda que leve o díaño se non oucen o que falo sen se moveren de eiqui. E se cadra falamos ren, dempois de preguntarlle pol Raxada i o pequecho. A probe da vella xa fai anos que se cansou de me falar, imália a hora que me botou ao mundo, que fora mellor que me borase go cortello dos marraus, perdoando! Agora xa non me fala, Ollame con aquelas bágoas caladas, que xa

lle fixeron canles polas enrugas, coma quen mira para un que xa non ten remédio, que era mellor que me fendese a maldiciós... Agora somentes me dia: "Acouga, meu fillo, acouga... ¿Cando vas acougare dunha vece, meu filliño?"
—Boeno, será coma vostede di, que deso das léises nada entendo nin falla que me fai... pro agallé que o atope de indulxencia no ceio...
—Nada, señor, nada. Estaba a falare pra min. Disimule.

—Si señor... Pois como ia dicindo..., seguia cbovendo a Deus dála...

—¡Aí, señor, eso parecerálle a vostede...! Pro eu dígolle que a chuvia tivo moito da culpa... Si en troques daquel frodlío apgadoizo que topei ao sair de estar coa Raxada, e daquela chuvia mesta e sen trégoas que dempois se botou sóbor do mundo, que era coma andar por un pesadelo sen podere sair por ningures, moitas cousas que socederon non terian socedido, porque eu houbérame ido pra o traballo sen facer caso de ninguén. Doulle a miña palabra de home...

Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897-Vigo, 1979) é unha das figuras clave da nosa literatura contemporánea e un caso singular pola súa iniciación e evolución como escritor galego. **Romances galegos** (1928), **Poema en catro tempos** (1931) e **Cancioneiro** (1956) son as súas obras poéticas. Mais Blanco Amor vai pasar fundamentalmente á nosa literatura como prosista, como o grande novelista dos nosos tempos. **A esmorga** (1959), **Os Lios Lardos** (1962) e **Xente ao lonxe** (1972) son as súas obras neste capítulo. Ademais, Blanco Amor é tamén de teatro, con o

bras que acadaron unha regular representación nos escenarios da nosa nación.

Moitos feitos confluen en Blanco Amor para faceren del un escritor orixinal: é antes da guerra do 36, fundamentalmente poeta; despois daquela, segue a escribir poesía e tamén novela en español (**La catedral y el niño, Miedos...**), actividades que simultánea coa súa profesión de xornalista, que xa iniciara desde a súa primeira emigración a América. Cando Blanco Amor se consolida como escritor galego, é xa ben avanzada a súa vida e cunha chea de experiencias acumuladas; é pois, a súa unha obra de madurez, feita con toda a conciencia e con toda a lucidez de quen tiña xa un longo camiño andado no compromiso coa súa nación (múltiples actividades culturais en Buenos Aires) e nos coñecimentos literarios. As súas propias declaracións sobre a construción das súas narracións abonan isto.

Escollemos un anaco de **A esmorga**, atendendo tanto ás súas cualidades intrínsecas canto ao que supuxo de novidade no panorama literario galego no momento en que se publicou. Mais antes de facernos un pequeno comentario desta novela, reproduzamos as propias palabras do escritor sobre a súa concepción da literatura galega, con precisión sobre o papel do escritor que nos parecen moi importantes:

"As especiais condicións en que terá que desenrolarse a prosa narrativa galega respecto á fala real, aínda por un tempo indeterminábel, requírenos aos que asumimos esta ferosa e traballosa tarefa polo pronto, un par de ademisións a priori. Primeira: Situarnos na nosa realidade cultural e social denantes que encacifarnos, cómoda e falsamente, en calisquera adución ou apropiación, de "escola", valeira de axeitada aplicabilidade: ou seña, dunha adución "oportunistista" sin ser oportuna. Segunda: Sentirnos ceibes dos acenos dos mimetismos estilísticos, das "estéticas", das torsións e desfiguracións que poidan tentarnos pra, inxelamente, amosar hacia fora que aínda traballando en galego somos escritores "in", que fica-

mos "à la page" das máis arriscadas esperencias literarias: actitudes ás que, naturalmente, teñen libre paso os adoitos —si é que os hai entre nós— aos doces e limitantes narcisismos, os afeizoados aos "xogos de sociedade" que asignan esta función lúdica ás letras e as artes, esquecendo, ou non sabendo, que dende os Precursores, fai un longo século, as nosas letras, principalmente, seguennos sendo aínda, "letras pátrias" nun senso exemplarizador e tamén polémico; ou seña, obrigas inherentes á realidade —e a realización— da nosa esencia e da nosa existencia de pobo. Trátase, como se ve, dun "engagement" bastante máis obrigante que a nosa adhesión como escritores galegos a calisquera escola mostrenca ou abstractamente "universal".

A esmorga arrinca dunha anédocta vivida por Blanco Amor en Ourense, cando era moi neno: o sucesos que remata cunha coitelada na barriga que lle meten ao "Bocas", personaxe marxinal do Ourense de primeiros de século. **A esmorga** —dinos Blanco Amor— é unha reconstrución visual de Ourense. O estilo nace do desexo de reflexar o visual. Visualiza algo que en si era máxico, como é o pasado sempre. Tódalas miñas novelas occuren no pasado. O pasado visto de lonxe trócase en atmósfera máxica e eu tócome ben nesta atmósfera porque non ten límites. O que lle presta á miña unidade é a súa intemporalidade". E esta reconstrución —compre engadir— está feita con toda meticulosidade e con toda autenticidade; feita, ademais, cunha sábia técnica que converte a novela nun "diálogo unilateral", isto é, un parlamento explícito —o do Cibrán, preso despois da noite de esmorga— e un discurso implícito, as preguntas do acusador, sobreentido nas respostas daquel. Cibrán, o acusado, valeira na súa confesión os efectos do "pensamento" que o afoga e polo que se mata ao final.

A obra ten todos os ingredientes dunha grande novela, pola recreación perdeita dun ambiente galego dado, polo debuxo dos persoaxes, pola caracterización sobreentendida dos persoaxes "de enfrente" das clases populares (só dous datos: o comisário

fala español, os do "coartelillo" son crueis até o máximo). mesmo pola di-se de "determinismo meteorolóxico" (cfr. a alusión á choiva das frases finais do fragmento que reproducimos).

Tamén é Blanco Amor un autor extraordinario no proceso de creación —ou de re-creación— dunha lingua literaria, tan feita da consolidación no capítulo da prosa creativa moderna. Segundo ten dito el mesmo, o seu empeño neste terreo foi o de escribir unha "Koiné" resultante da conxugación das distintas variedades do noso idioma, aproveitando todos os seus recursos expresivos. Toda a súa narrativa é, neste sentido dunha grande riqueza lingüística.

Imos sinalar unicamente, aos efectos de comentario lingüístico do Curso, algunhas particularidades. Fixémonos primeiro no uso do —e paragóxico en: **sere, decrarare, acougare, vece, falare**, fronte a **apoiñer, saber**, sen el. Hoxe, non o relexamos en nengun caso na escrita, polo que escribemos: **ser, declarar, acougar...**

Formas como **eisi, ei, eiqui** son propias do galego ourensano, así como os plurais marraus e maldiciós; a efectos de escolla ortográfica, grafaremos: **asi, ai, aqui, marráns, maldiciós**.

No capítulo inevitábel de espanyolismos, anotemos: **sepa**, por **saila**, a forma orixinal e auténtica da nosa lingua; **fai anos**, por **hai anos** (empregamos o verbo **haber** e non o verbo "facer" para a marca do tempo).

boeno, por **bon** ou **ben** e **houbéramos ido**, por **teríame ido** ou **iríame**, xa que o noso idioma non admite o uso do verbo "haber" como auxiliar nos tempos compostos. **Vostede** pódese considerar tamén un espanyolismo, polo menos parcial, que ten tamén o seu aquel diferencialista; **você** é a forma histórica e **vosté** a forma popular, fronte ao "usted" español.

E, finalmente, anotemos como diferencialistas o uso de **ren** por **nada** por **ouven** ou **oen** (de **ouvir** e **oir**, repectivamente), ambas as dúas formas válidas. "Oucen" está feita sobre unha 1 persoa "ouzo", dialectal, mais que non o podemos extender analoxicamente ao resto do paradigma, pois non se rexistou na fala.

CARTAS

A COMISION MIXTA, EMPRAZADA

O día 5 deste mes de maio, representantes da UTEG-ING e SGTE-UCSTE presentámonos a falar coa Comisión Mixta. Recibiunos o que facía as funcións de presidente, Nicolás Ogando, que, recibido o escrito seguinte, prometeron dar cumprida resposta no decurso da presente semana. Ficamos á espreita de que o cumbran.

"Os Sindicatos UTEG-ING e SGTE-UCSTE, en representación da ASAMBLEA NACIONAL DE ENSENANANTES DE GALICIA, solicitan desá Comisión Mixta (Xunta-Ministerio de Educación) a súa definición pública en torno ao seguinte:

1) "A Comisión Mixta estimulará e garantizará o DEREITO IRRENUNCIABEL que cada ensinante ou alumno teñen de impartiren e recibiren as súas clases no noso idioma. Neste senso protexerá con tódalas medidas ao seu alcance ese dereito irrenunciábel dos alumnos e ensinantes galegos.

Non tomará ningún tipo de medida represiva ante calquera denuncia contra dos ensinantes ou alumnos que utilicen o idioma galego.

2) En consecuencia do punto primeiro, reclamar do goberno español a derogación do Decreto de Bilingüismo, por entender que dito decreto pon atrancos e impedimentos a normalización da nosa lingua.

3) Asimesmo demandamos da comisión Mixta que solicite do ME a declaración oficial do 17 de maio, Día das Letras Galegas, como "festa escolar" en Galicia pra celebrar o significado popular e social desa data.

4) Recibir desá Comisión unha relación escrita de todas as denuncias a ensinantes por impartiren as súas clases en galego, que esa Comisión ten coñecimento.

Urxiños a esa Comisión Mixta pra darnos resposta pública a todos os puntos anteriores nesta seman".

AS "NORMAS" DA XUNTA

"Chámame moito a atención que

os lingüistas de "A NOSA TERRA" non teñan manifestado aínda a súa opinión sobre esas Normas Lingüísticas que acaba de publicar a Xunta de Galicia. ¿Están de acordo con elas ou non? Vemos que agora están en misterioso silencio, e debían de dar a súa opinión axiña, dada a importancia do feito. A miña modesta opinión é que son confusas, desconcertantes e inasequibles para a xente de a pé. Hai nelas, ao meu ver, unha complicación total, guiños (hifens!) a oito e innecesarios, acentuacións caprichosas, etc. Hai quen di por aquí que se non se critican nese periódico é por que algun dos lingüistas debe demasiados favores ao

Presidente da Comisión xunteira; e compre estar calado.

Eu non sei nada desto pero se o que pretenden é que o noso pobo deixe de ser analfabeto na súa propia lingua, cómo é que se cala ante esta ortografía para sabios, somentes apta para os que teñan carreira universitaria? Ah, e se digo esto non é porque sexa castelanista....

Saúdos nacionalista,
XAVIER FORNOS MARQUEZ
A CORUNA

N. de R.— No número 100 de A NOSA TERRA e nun artigo da Autoría de Pilar G. Negro falase, precisamente, das "Normas" da xunta.



A NOSA TERRA

Jean Paul Sartre

A LIBERTADE E COMPROMISO

Jean Paul Sartre, contista, novelista, dramaturgo, ensaísta, xornalista, crítico, psicólogo e praxeólogo do compromiso antifeixista, antirepresivo e antiimperialista vén de rematar a sua vida no ecuador do mes de abril, aos 75 anos ainda non cumpridos, en París, a sua cidade natal. Pouco tempo antes, finaran Marcuse e Froom. Probablemente Sartre, xunto con Marcuse e Froom, foi o traballador da cultura de máis influencia social no mundo capitalista nos últimos trinta anos.

Seria, cando menos, ousadía vana tentar facer unha síntese da plural e amplísima produción cultural de Sartre ao longo dun artigo xornalístico. Neste traballo ímonos cinguir cáseque en exclusiva á filosofía e ao compromiso político do existencialista francés, teoría e práctica indisolúbeis na biobibliografía de Jean Paul Sartre.

NOTAS BIOBIBLIOGRAFICAS

A vida de Sartre foi a dun intelectual plenamente activo e comprometido contra o sistema establecido, contra a clase dominante e contra as múltiples manifestacións de todo tipo de opresión. Neste compromiso contou sempre coa solidariedade activa e coa simpatía amorosa da súa compañeira perenne, mesmo ao pé do leito mortal, Simone de Beauvoir. A literatura foi o banco de probas das suas concepcións filosóficas, xa ideolóxicas até os anos 50, xa nos vieiros da praxeoloxía marxista desde os anos 60 aproximadamente.

No ano 1936 publica **A Imaxinación**, importante estudo sóbor dalgunhas manifestacións do comportamento, tais como a emoción, o coñecemento intuitivo, a imaxinación e a psicoanálise existencial. En xunio de 1938 é publicada a novela **A Náusea**, a obra literaria máis popular de Sartre. Meses antes escribira algúns relatos breves, boa parte deles inspirados na guerra española, nos que Sartre define xa a sua posición antifeixista, norde co que camiñaría durante toda a sua vida non desaproveitando ningunha ocasión para fustigar, en concreto, ao réximen franquista. En xunio de 1943 conocea a Albert Camus e co que rompería no 1952 a raíz de facerse explícita a posición abertamente anticomunista de Camus. Antes da sua militancia na resistencia, fora feito prisioneiro polos nazis: ao fin da II Guerra Mundial, funda a famosa revista **Les Temps Modernes**, "unha das maiores e máis profundas aventuras intelectuais do noso tempo" e desde a cal polemizaría densamente con Camus anos máis tarde. No 1943, en plena ocupación nazi, publica Sartre a sua primeira grande obra filosófica, **O Ser e a Nada**, na que traxera a escisión metafísica, desde a corrente da fenomenoloxía existencial, entre o bloque das cousas reais, dos "en-sí", opacos, inertes, inmóveis, adiléticos, idénticos a sí mesmos, e, de outra banda, o bloque antropolóxico dos "para-sí", os eus, abertos, arroxados, as consciencias, os continxentes, cuío elemento constitutivo-existencial é a liberdade-continxencia, a liberdade absoluta a que corresponde unha responsabilidade tamén total. Nos anos 1943 e 1944, baixo a censura nazi, son estrenados os dramas **As Moscas** e **Coa Porta Pechada**, esta última posibelmente a obra teatral máis cobizosa de Sartre e a que reflexa coa meirande propiedade o mundo pecho, angurioso, existencial do Sartre da primeira época: **A puta Respetuosa** (1946) e **Os secuestrados de Altona**, síntese apretada do absurdo da existencia somentes sublimábel pola vía do compromiso, completan a máis senlleira escolma teatral sartreana. A fenomenoloxía da liberdade como "percura de sí mesmo que dá sentido á paixón inútil da existencia" representa unha das principais vetas filosóficas de **O existencialismo é un humanismo** (1946), humanismo que é incompatíbel coa idea de Deus ademais de contradictorio cun mundo de esencia platónicas xa que "o existencialismo non é máis nada que un esforzo por tirar todas as consecuencias dunha posición atea coherente. Non percura de ningún xeito afondar ao home na desesperación" pesia ter éste a nada como horizonte. No campo da crítica literaria e artística, **¿Qué é a Literatura?** sacudeu os cimentos do fenómeno creativo e xa daquela, 1947, Sartre atisbara que "a obra de arte é un acto de confianza da liberdade dos homes"

"A LIBERTADE E COMPROMISO"

A partir dos anos 50, o noso intelectual decátase da eiva individualista e subxetiva dos seus plantexamentos existenciais e apréstase a fundir o seu existencialismo nunha instancia histórico-práctica cara a construción do que el rotulou como "filosofía do compromiso e da acción", ao tempo que no seu ensaio sóbor de Genet rexei-

ta decidida e frontalmente a moral burguesa. A ferramenta sartreana para o "compromiso" e a "acción" non vai ser outra que o marxismo e, máis precisamente, o materialismo histórico, simbiose pretendida en a **Crítica da Razón Dialéctica** (1960), obra clave nesta segunda época do pensamento praxeolóxico sartreano.

Ímonos demorar un pouco na análise desta última obra da que Sartre prometera unha segunda parte aínda non publicada hoxe. A luz da tesis XI sobre Feuerbach, Sartre ten claro que a filosofía, lonxe de se contentar con pensar o mundo, ha de transformalo. Xa que logo, o marxismo, en tanto que negador e superador do idealismo hegeliano, é a filosofía do tempo presente, pois Sartre entende e defende que en cada tempo histórico -eis o tempo do modo de produción capitalista- unha e sóo unha é a filosofía **vivente** na medida en que "é un certo modo de tomar conciencia a clase ascendente". Polo tanto, a filosofía **vivente**, en concreto o marxismo como materialismo histórico, é insuperábel mentras non se modifiquen as circunstancias históricas que lle deron vida; todas as demais filosofías coetáneas do marxismo, mesmo o existencialismo, son calificadas polo propio Sartre como "ideoloxías". A peculiaridade do existencialismo de Sartre ven dada por ser unha ideoloxía **ao marxe** e **non en contra** do marxismo, a diferéncia dos existencialismos de Kierkegaard, Jaspers, Marcel e Heidegger, militantemente anticomunistas.

A SINTESE IMPOSIBEL

Con todo, a síntese existencialismo-marxismo somentes é viábel para Sartre nos eidos antropolóxico e social. Sartre rechaza radicalmente o materialismo dialéctico por entender que a dialéctica da natureza (reino dos "en-sí"), de ter aplicación no ámbito da praxis social,

implicaría a negación da liberdade (reino dos "para-sí"). "O marxismo -escribe Sartre ao seu compatriota e tamén marxista revisionista Garaudy- como cadro formal de todo o pensamento actual é insuperábel. Eu entendo por marxismo o materialismo histórico, que supón unha dialéctica interna da historia, e non o materialismo dialéctico... esa fantasía metafísica que maxina descubrir unha dialéctica da natureza, que, en efecto, **pode** existir pero da que non poseemos ningunha proba".

Desde unha perspectiva crítica, queremos advertir que a admisión do materialismo dialéctico, base científica do materialismo histórico, esixiríalle a Sartre a negación consecvente de toda a sua ontoloxía fenomenolóxico-coexistencial baseada apriorísticamente na disección gratuita dos "en-sí" e dos "para-sí", esto é, do mundo material como contradictorio cos homes, renúncia nada dada incluso en quen fai bandeira da sua "autenticidade" biográfica; os pousos individualistas e subxetivos que hipostasian a liberdade, personal e intransferíbel, ofrecendo o compromiso como sublimación do absurdo, da anguria, do anonadamento, son as arbes individuais que opacan a visión do bosco das clases sociais. Categorizar, en palabras de Sartre, a existencia como "paixón inútil" e ofrecer a alternativa do suicidio como saída á norma de que "non hai vítimas inocentes" supón unha superación alvia do idealismo reaccionario de Parménides e de Hegel ao cambiar a necesidade cega pola autoconsciencia e a liberdade do continxente; pero tal alternativa é cualitativamente distinta da transformación dialéctica da necesidade en liberdade, como postula o marxismo.

A separación entre o materialismo histórico e o materialismo dialéctico que Sartre quere realizar non deixa de ser unha abstracción burguesa (reducir a filosofía a hermenéutica social) xa que aquél non é máis que unha aplicación concreta, socio-histórica, deste; en consecuencia, a filosofía existencialista, ben como saída á cadea da predestinación divina (Kierkegaard), ben como apoloxía ou solipsismo do nazismo (Heidegger), ben como temporalización individualizada da relixión transcendente (Jaspers), ben como faciana dunha mística aggiornada neotomista (Marcel), ou ben como reduccionismo antropolóxico arredador do home do nihilismo absoluto (Sartre), cal queira corrente existencialista, en fin, é tan incompatíbel co marxismo como a biografía coa economía, como a liberdade metafísica coa dialéctica, como as opcións persoais individualistas coa loita de clases.

TEORIA E PRACTICA

No obstante, a frustrada síntese existencialismo-marxismo, filosóficamente contradictria, operou de xeito individual, único e irrepetíbel na biografía de Sartre pola vía do compromiso político tan pouco intersuxetivábel como a sua propia persoalidade.

Lonxe da veta poético-romántica dos demais filósofos existencialistas, rectificando o seu tecer filosófico penlopeano e solipsista co seu compromiso social solidário, Sartre tentou **comprendelo todo el soio** ao través dunha lucidez fecunda. Foi, salvo en sinaladas excepcións, coherente coa aceptación do absurdo-náusea-anguria, contando a chamada da nada coa elección do compromiso de todo tipo, sóbor de todo do compromiso político. Frente á xeneralizada idea de que os ímpetus revolucionarios son anestesiados pola idade, Sartre foi cos anos, incrementando o seu activismo político e a sua postura radical. Contra os feixismos de todo tipo, contra o antisemitismo nazi, contra o autoritarismo e a represión, contra o imperialismo, Sartre levantou sempre a sua voz e os seus manifestos. A resistencia antifeixista, o Tribunal Rusel, as loitas de liberación nacional dos pobos arxelino e vietnamita, o ideal dunha sociedade futura de homes dignos e ceibes, o maio do 68, etc., tiveron en Sartre un bastión tesó e puntual; ao tempo, a sua práctica intelectual foi un estílete co que toparon sempre o imperialismo, a opresión, a sociedade de consumo, a moral burguesa e as agresións dos **mass media**.

O existencialismo é caduco e estéril para transformar o mundo, mais a testemuña e o compromiso persoal de Sartre, globalmente, son inmorrentes e teñen a fecundidade suficiente como para abafar aos pseudointelectuais, pantasma irreal da alienación culturalista que de cotío suplen a falla de práctica solidária antiimperialista coa metafísica asocial e colaboracionista. Se ben é certo que, como escribiu Bergson, "a filosofía ten tamén os seus escribas e fariseos", Sartre non pertence a esta secta.

FERNANDO PEREZ LOPEZ

